



XUNTA
DE GALICIA

2014.
gal AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA



2014.gal Axenda Dixital De Galicia

Resumo Executivo

25 de Xuño de 2010



XACOBEO 2010
Galicia

Índice

1	Introdución	2
2	Galicia, ¿onde estamos agora?	3
2.1	Utilización das tecnoloxías por parte dos galegos	3
2.2	Presenza das tecnoloxías nas pemes galegas	3
2.3	Dinamismo do hipersector TIC.....	4
2.4	Implantación da Administración Dixital.....	5
2.5	Infraestruturas	5
2.6	Telecomunicacións.....	6
3	Marco de referencia da Axenda Dixital	8
4	Un plan diferente: principios inspiradores da Axenda Dixital.....	13
5	Marco estratéxico da Axenda Dixital.....	15
5.1	Visión 2014.gal.....	15
5.2	Metas da Axenda Dixital para 2014	16
5.3	Principais compromisos de 2014.gal	16
5.4	Liñas estratéxicas e programas de actuación	17
6	Administración intelixente.....	21
7	Administración eficiente.....	27
8	Cidadanía Dixital	33
9	Transforma TIC.....	37
10	EconomiC-IT	41
11	Infra TeleCom.....	44
12	Medidas instrumentais e de cooperación.....	47
13	Orzamentos.....	51

1 Introducción

En Galicia atopámonos inmersos nun proceso gradual de transición cara a Sociedade da Información e do Coñecemento que trae consigo unha transformación radical a nivel tecnolóxico, económico, social e político e que está cambiando a forma de pensar, de traballar, de actuar e de vivir de todos os galegos e galegas.

A pesar do esforzo realizado neste eido durante os últimos anos e da progresiva incorporación da nosa rexión á sociedade do coñecemento, resulta evidente que aínda estamos moi lonxe da consecución dunha sociedade galega capaz de empregar as novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar significativamente os niveis de calidade de vida e benestar social da cidadanía, e a eficiencia e competitividade das nosas empresas.

Para facer fronte a esta transformación, o actual Goberno galego leva traballando dende o inicio da lexislatura en distintas estratexias concretas no ámbito das TIC: “non era o momento de pararse a pensar, era o momento de actuar para facer fronte aos novos retos dunha contorna tan cambiante”.

Neste contexto e dentro da estratexia do Goberno galego en materia de Sociedade da Información, xorde **2014.gal Axenda Dixital de Galicia** co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial no horizonte de 2014.

Cun orzamento público de preto de máis de 900 millóns de euros, na Axenda Dixital de Galicia integráranse tamén os esforzos privados, que se estiman nuns 700 millóns de euros. En total o esforzo conxunto destinado ao desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia ata o 2014 achegárase aos 1.600 millóns de euros.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia (2010-2014), enfróntase a un importante cambio de enfoque estratéxico: o seu obxectivo é pasar dunha sociedade que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento sustentable, para mellorar as súas cotas de participación na toma de decisións e para contribuír á súa calidade de vida sobre a base do coñecemento: “as TIC non son un fin en si mesmas, senón un medio para acadar novos obxectivos”. Para logralo contará co impulso e a participación activa de todos os axentes implicados na Sociedade da Información.

A Axenda Dixital de Galicia, un **documento vivo** para facer fronte ás esixencias actuais, é un compromiso político adquirido polo Goberno galego, feito público xa no discurso de investidura que dá resposta á estratexia da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías.

2014.gal aborda un complexo proceso de transformación que require de iniciativas novas para afrontar outro modelo de crecemento, que se puxo en marcha co novo Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 e que busca chegar a unha nova economía baseada no coñecemento poñendo en valor o potencial de Galicia no ámbito das TIC: “a Axenda Dixital converterá Galicia nunha rexión de todos e para todos, que garanta o investimento en materia TIC e na que o primeiro consumidor sexa a Administración autonómica”.

2 Galicia, ¿onde estamos agora?

Á hora de analizar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, débese ter en conta o singular perfil demográfico e económico que presenta Galicia. O envellecemento e a dispersión poboacional, configuran unha notable desigualdade territorial do eixo atlántico con respecto ao resto de Galicia. A menor renda familiar galega respecto ao conxunto do Estado, así como a excesiva atomización empresarial son algúns dos factores que inflúen negativamente sobre o grao de uso dos servizos da Sociedade da Información, afastándonos dun escenario de converxencia.

Os indicadores da Sociedade da Información en Galicia avanza positivamente, mais o nivel de equipamento e uso das TIC entre a cidadanía e as microempresas rexistra valores inferiores á media do conxunto do Estado. Con todo, cabe salientar o alto nivel de uso da administración electrónica e o impulso que exerce o sector TIC pola súa capacidade de xeración de emprego e pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico.

2.1 Utilización das tecnoloxías por parte dos galegos

- *Un 38,3% dos fogares galegos ten contratada conexión a Internet a través de banda larga, 13 puntos porcentuais por baixo da media estatal.*
- *Un 49,8% da poboación galega utilizou Internet nos tres últimos meses. A media estatal (59,8%) supera en 10 puntos porcentuais a media galega.*
- *Os internautas galegos converxen cos do conxunto do Estado nos usos avanzados da Rede (lectura de bloggers, chats e mensaxería instantánea).*

Segundo os datos que ofrece o INE, correspondentes ao ano 2009, o 58,5% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador, 7,8 puntos porcentuais por baixo da media estatal (66,3%). O ordenador de sobremesa está presente no 44% dos fogares, mentres que os portátiles atópanse no 31,6%. No último ano obsérvase nos fogares galegos un estancamento no nivel de equipamento de ordenadores de sobremesa e un crecemento de máis de 8 puntos porcentuais no de portátiles.

Confírmase, unha vez máis a relevancia do hábitat na composición global das poboacións en risco de exclusión. Así, concretamente para a contratación da conexión a Internet, a porcentaxe de fogares galegos con conexión á Rede nos núcleos de poboación de 50.000 a 100.000 habitantes é do 57,7%, 2,5 puntos menos que o conxunto do Estado neste estrato. Nos núcleos de menos de 10.000 habitantes este indicador sitúase no 28,5% en Galicia fronte ao 42,3% do Estado.

Obsérvase que se está a producir un importante incremento das compras a través de Internet. Un 13,7% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo nos últimos tres meses, 3,8 puntos porcentuais máis que no ano 2008, situándose lixeiramente por baixo da media estatal (15,7%).

Entre os aspectos positivos desta análise, cabe salientar que Galicia está a adiantar ao conxunto do Estado no grupo de idade de 16 a 24 anos no uso de ordenador e Internet, así como nas compras dos mozos/as a través da Rede. Así o 95,4% da xuventude galega usou o ordenador nos últimos 3 meses fronte ao 93,7 do valor medio estatal. Nas compras por Internet a vantaxe da mocidade galega (23,5%) é de 4,6 puntos.

2.2 Presenza das tecnoloxías nas pemes galegas

- *O 89,3% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as dispón de conexión a Internet contratada a través de banda larga.*

- *O 46,7% das microempresas galegas dispón de conexión a Internet, 9,2 puntos porcentuais menos que a media estatal.*

O tecido empresarial galego caracterízase por unha acusada atomización, representando as microempresas un 95% do total de empresas de Galicia. No referente ao grao de desenvolvemento da Sociedade da Información nas empresas galegas, hai que salientar a existencia dunha profunda fenda entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as micropemes, principalmente no que respecta aos seus niveis de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede. As empresas galegas de dez e máis empregados/as presentan un alto nivel de implantación do equipamento TIC básico, situándose en valores similares ao resto das Comunidades Autónomas. Non obstante, as microempresas galegas presentan niveis baixos de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede.

Indicadores relativos ás empresas de 10 e máis empregados/as

A práctica totalidade das empresas de 10 ou máis asalariados/as de Galicia dispoñen de ordenador (97,7%) e teñen contratada conexión a Internet (92,9%), segundo os datos que ofrece o INE correspondentes ao ano 2009.

No ano 2008, o 16,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron compras a través do comercio electrónico fronte ao 20,3% que rexistra o conxunto do Estado. As compras a través da Rede representaron o 18,7% das compras totais efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

O 9,1% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron vendas a través do comercio electrónico, situándose en valores próximos á media de España (11,1%). As vendas a través de Internet representaron o 5,9% do total de vendas efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

Indicadores relativos ás microempresas

No ano 2009, un 57% das microempresas galegas dispoñía de ordenador e o 46,7% de conexión á Internet contratada, experimentando a conexión á Rede un crecemento do 17% no último ano fronte ao incremento do 5,5% do conxunto do Estado. Aínda que o ritmo de crecemento foi maior en Galicia, a diferenza coa media estatal nestes dous indicadores é de máis de 9 puntos.

As compras a través do comercio electrónico teñen un peso moi reducido nas micropemes galegas. Só un 6,2% das empresas galegas de menos de 10 empregados/as realizaron compras a través do comercio electrónico, o que representa un 4,3% sobre o total de compras efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

2.3 Dinamismo do hipersector TIC

- *O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2009 situábase en 1.542 empresas.*
- *O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2009 nos 16.327 traballadores/as, o que representa o 1,59% da poboación ocupada galega.*
- *Actualmente en Galicia a contribución do sector TIC ao PIB é dun 4,8%.*

O sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación está a converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2009 situábase en 1.542 empresas.

O sector empresarial das TIC ocupa unha posición estratéxica pola súa capacidade de xeración de emprego. O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2009 nos 16.327 traballadores/as, o que representa o

1,59% da poboación ocupada galega. A evolución da ocupación neste sector mostra un continuo crecemento nos últimos anos.

O peso deste segmento empresarial tamén se reflicte claramente na súa contribución ao impulso e desenvolvemento da I+D. No ano 2008, o 45,6% das empresas galegas do sector dispoñían de persoal con dedicación relacionada coa I+D e un 37,1% realizou proxectos de I+D+i no último ano.

2.4 Implantación da Administración Dixital

- *Galicia xa foi pioneira na administración dixital coa reforma administrativa acometida en 1993.*
- *Dende os anos 90 dispón do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA), no que actualmente hai máis de 700 tipos de procedementos e se tramita un volume de máis de 11 millóns de expedientes.*
- *O 53,3% das persoas usan as páxinas web da Administración para informarse. O 28,8% ademais úsanas para descargarse formularios oficiais e, por último, o 15,0% envían por Internet formularios cumprimentados.*

Galicia dispón dunha ampla experiencia no desenvolvemento da Administración Dixital. Pero é necesaria unha reforma que actualice e adecúe a Administración ás novas oportunidades que a tecnoloxía ofrece.

O impacto ambiental e a mellora da xestión da administración polo uso do soporte electrónico na tramitación administrativa é unha oportunidade que Galicia debe explotar ao máximo.

É preciso incrementar o uso da canle electrónica como medio de comunicación da cidadanía coa Administración. Aumentando a súa capacidade de interacción, todos os procedementos e servizos teñen que poder iniciarse dende este medio. Se ben o uso das webs da administración para recibir información é superior ao do resto do territorio nacional, é necesario incrementar o seu uso para a iniciación de trámites e garantir o mesmo nivel de acceso electrónico en todas as administracións locais galegas, nas que, por exemplo, existe un 15% de concellos nos que aínda non se dispón de páxina web.

2.5 Infraestruturas

- *Máis de 80 CPDs dotados desigualmente; só 1 de cada 10 ten capacidade de crecemento.*
- *Dotación de infraestruturas, servizos e sistemas de información heteroxénea e insuficiente.*
- *Ausencia de políticas corporativas de calidade e seguridade*

A administración galega en materia da xestión TIC partía dunha situación de descentralización de actuacións, é dicir, dunha ausencia de coordinación global en canto á planificación de proxectos e actuacións, desembocando nun exceso de microxestión. A creación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica supuxo un gran cambio na xestión TIC, ao ter entre os seus obxectivos impulsar, apoiar e prestar un servizo de calidade, racionalizar as actuacións e mellorar a eficiencia na xestión das TIC para promover unha administración sostible e igualitaria en toda Galicia. A situación de partida no momento de iniciar os traballos da Axenda Dixital de Galicia estaba principalmente fundamentada nun crecemento da infraestrutura tecnolóxica da Xunta baseada na **evolución en función das necesidades propias de cada area funcional**. Isto orixinou un crecemento desigual e heteroxéneo en cada unha delas, e a tónica xeral foi a evolución dos Sistemas de Información e da Plataforma Tecnolóxica de xeito **illado** ao resto, tanto a nivel físico como lóxico.

Esta evolución realizouse sen existir un marco común definido sobre a base de necesidades detectadas, provocando que os **modelos de xestión e de evolución** sexan heteroxéneos, que a comunicación entre

plataformas sexa complexa e que as sinerxías sexan baixas, o que supón unha clara **ineficiencia no gasto TIC** e duplicidades en esforzos.

No referente á plataforma tecnolóxica, actualmente **non hai** unha **estratexia corporativa** para a definición dunha **arquitectura** homoxénea nin de estándares comúns que poidan constituír a plataforma base da Xunta de Galicia, podendo con isto mellorar tanto os servizos como facer máis eficiente o investimento para a súa adquisición, evolución e mantemento. Isto ten o seu reflexo na total dispersión e proliferación ao longo destes anos de Centros de Procesos de Datos en toda a Xunta, actualmente hai máis de 80 CPD, dos cales máis do 90% non ten capacidade de crecemento e as medidas de adecuación son desiguais.

Os sistemas de información existentes na Xunta de Galicia evolucionaron na súa gran maioría de xeito illado e vertical, sendo poucas as iniciativas de proxectos transversais comúns a todas as Consellerías (SXPA, Xumco,...) provocando as seguintes situacións:

- Abundancia de "illas de información", tanto internas en cada Consellería como duns departamentos a outros.
- Intercambio de información non automatizado na maioría dos casos.
- Duplicación de esforzos e investimentos.

2.6 Telecomunicacións

- *Máis de 786.000 galegos, case un 30% da poboación, non poden acceder á banda larga.*
- *Un terzo dos centros sanitarios, un 25% dos centros educativos e un 10% dos xulgados de paz non teñen acceso á banda larga ou carecen dun acceso suficiente a este servizo.*
- *O 16,1% da demanda de banda larga por parte das empresas non se está a cubrir na actualidade.*

Galicia está inmersa no proceso de desenvolvemento das telecomunicacións e a Sociedade da Información onde as redes de banda larga son un impulsor da modernización que debe permitir mellorar o benestar da cidadanía e aproveitar todos os medios de dinamización económica dos seus sectores produtivos.

Banda larga no sector residencial

No sector residencial existen máis de 786.000 galegos que actualmente non poden acceder á banda larga, o cal representa case un 30% da poboación de Galicia.

As provincias de Lugo e Ourense son as máis castigadas. Máis do 40% da poboación destas provincias non dispón de banda larga, mentres que para o caso de A Coruña e Pontevedra esa porcentaxe redúcese ata o 24% aproximadamente, reflectindo a falta de vertebración territorial de Galicia e a desigualdade social en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións.

Banda larga nos servizos públicos

Actualmente en Galicia hai 1.421 entidades de poboación nas que existe algún punto de demanda de banda larga por parte da administración pública. Destas 1.421 entidades, o 41,4% non contan coa posibilidade de acceder á banda larga. Ademais, atópanse datos preocupantes en ámbitos como a sanidade, a educación ou a xustiza:

- Un terzo dos centros sanitarios contan cun acceso insuficiente a este servizo ou directamente non teñen acceso á banda larga.
- Un 25% dos centros educativos presentan largos de banda insuficientes que deben ser ampliados de cara a dar soporte ás actividades do centro e aos seus alumnos.

- O 10% dos xulgados de paz presentan carencias.
- Un 53% das casas consistoriais carecen dun acceso a Internet coa capacidade axeitada para a xestión administrativa e o despregue da e-administración local.
- No caso das bibliotecas públicas municipais existen carencias de acceso nun 18% do total.
- Outros servizos públicos de interese xeral nos cales se detectan carencias son os albergues e os telecentros. En canto aos primeiros, un 48% do total de albergues amosa deficiencias de conectividade. Pola súa banda, nun 43% dos telecentros, a capacidade das conexións das que dispoñen non é suficiente para satisfacer a demanda do centro.

Banda larga para a demanda dos servizos empresariais

Actualmente, estímase que o 16,1% da demanda empresarial de banda larga en Galicia non está cuberta, o que resulta unha barreira importante para o aproveitamento das TIC como motor para a dinamización empresarial, e do crecemento dos sectores produtivos chave.

A situación é sensiblemente peor naquelas actividades empresariais fortemente vinculadas co mundo rural, como exemplo: o 64% das explotacións gandeiras están localizadas en zonas sen posibilidade de conexión e o 51% das casas rurais presentan carencias de conectividade.

Na actualidade estanse a executar accións para a implantación do servizo de banda larga, mediante as novas redes sen fíos, nos 6 polígonos industriais que aínda sofren carencias de conectividade, limitada ou nula. Ademais, están previstas actuacións noutros 11 polígonos que se atopan na mesma situación.

3 Marco de referencia da Axenda Dixital

Marco de referencia internacional

A nivel mundial, as Nacións Unidas, mediante o “**Cumio Mundial sobre a Sociedade da Información**”, celebrada en dúas fases, Xenebra (2003) e Tunes (2005), realizou un intento por construír unha **Sociedade da Información centrada na persoa**, integradora e orientada ao desenvolvemento, en que todos poidan crear, consultar, utilizar e compartir a información e o coñecemento.

O cumio permitiu establecer unha visión da **Sociedade da Información que resalta a importancia de utilizar as TIC** como facilitadoras do crecemento económico, a igualdade, o desenvolvemento sustentable, a calidade de vida e a política de desenvolvemento sobre a base dos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e respectando plenamente a Declaración Universal de Dereitos Humanos.

A nivel europeo, os últimos anos deixaron a millóns de persoas sen emprego, xeraron unha débeda que representará unha carga durante moitos anos e exerceron novas presións sobre a nosa cohesión social. Tamén puxeron de relevo algunhas verdades fundamentais sobre os desafíos aos que se enfronta a economía europea.

A crise é unha chamada de atención, o momento de recoñecer que «deixar que as cousas sigan igual» relegaríanos a un declive gradual, á segunda fila da nova orde global. Esta é a hora da verdade para Europa. Precisa saír da crise, atopar o rumbo e mantelo.

E ante este momento de transformación que se está a atravesar, que botou por terra anos de progreso económico e social e deixou ao descuberto as debilidades estruturais da economía europea, a Comisión deseñou unha estratexia para axudarnos a saír fortalecidos da crise e a converter á UE nunha economía que desfrute de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social.

Este é o cometido de “**Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador**” (Bruxelas, 3.3.2010 - COM(2010) 2020), que constitúe unha nova visión da economía social de mercado de Europa para o século XXI, capaz de xerar novos empregos e de lograr unha mellor calidade de vida para todos os cidadáns e cidadás.

Europa 2020 propón tres prioridades que se reforzan mutuamente:

- **Crecemento intelixente:** desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- **Crecemento sustentable:** promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- **Crecemento integrador:** fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial.

Nesta contorna, Europa 2020 establece sete iniciativas para catalizar os avances en cada un dos temas fixados como prioritarios. Unha delas, consiste na definición da **Axenda Dixital para Europa (Bruxelas, 19.05.2010 COM (2010) 245)** que fai das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) a peza clave para que Europa acade ás súas ambicións para 2020¹.

¹ A Axenda Dixital baséase en amplas consultas, en particular, nas achegas do “*Competitiveness Report 2009 - COM(2009) 390*”; da *Consulta pública da Comisión sobre o futuro e as prioridades da TIC* (2009); das “*Conclusions of the TTE Council of December 2009, the Europe 2020 consultation*”; da “*ICT Industry Partnership Contribution to the Spanish Presidency Digital Europe Strategy*”; e da *Declaración de Granada* de Abril de 2010. Todos estes documentos están dispoñibles en: http://ec.europa.eu/information_society/eeurope/i2010/index_en.htm

Alguns dos eixos de actuación nos que se estrutura a Axenda Dixital co obxectivo de contribuír ao crecemento económico de Europa son os seguintes:

- **Servizos Públicos Dixitais:** é necesario o desenvolvemento de novos e mellores servizos públicos dixitais, que reactiven a demanda e fagan explícitas as vantaxes da economía dixital e o goberno aberto. Estes servizos públicos deben promover a reutilización da información do sector público, incrementar a eficiencia da Administración e impulsar unha redución significativa das cargas administrativas de cidadáns/cidadás e empresas, así como contribuír a unha economía máis eficiente.
- **Uso de internet, seguridade e confianza:** Europa necesita unha Internet máis segura, na que a cidadanía sexa quen de aproveitar todas as súas potencialidades a través dunha adecuada alfabetización dixital, especialmente dos colectivos máis desfavorecidos ou reticentes ao seu uso. O sector público ten aquí un labor fundamental como provedor de servizos públicos fundamentais en áreas como o e-Goberno ou a e-Saúde.
- **Fortalecer a competitividade do sector TIC europeo:** hai que reforzar o sector TIC apostando pola investigación, o desenvolvemento e a innovación mediante programas mellor adaptados ás especiais características das empresas do sector, especialmente as pemes.
- **Mercado Único Dixital:** a UE debe crear un verdadeiro Mercado Único Dixital, soporte fundamental da economía do coñecemento en Europa, e promover de maneira activa os mercados europeos de contidos dixitais, mediante solucións prácticas que impulsen novos modelos de negocio.
- **Infraestruturas:** a UE debe contar con infraestruturas sólidas, máis rápidas e eficientes, especialmente respecto da banda larga e as redes de futuro. É preciso adoptar medidas concretas para superar a fenda dixital alcanzando o obxectivo do 100% de cobertura de banda larga básica para todos os cidadáns e cidadás en 2013 e promover unha ampla penetración da banda larga de velocidade ultrarrápida en 2020.

Tendo en conta que Galicia se marcou como obxectivo -dentro do actual marco establecido polo **Plan Estratéxico Galicia 2010-2014**- o reto de **converxer co horizonte europeo para 2020**, parece necesario apostar pola definición dunha estratexia clara en materia de Sociedade da Información que nos permita competir como rexión no novo **mercado único dixital europeo definido pola Axenda Dixital** e na nova **economía do coñecemento** como camiño para unha recuperación económica sostible.



Figura 1. Estratexia 2020: Galicia con Europa

Marco de referencia nacional

A nivel estatal, o Plan Avanza 2, continuación do Plan Avanza, fixa como obxectivo prioritario contribuír á recuperación económica do noso país grazas ao uso intensivo e xeneralizado das TIC, cunha especial atención aos proxectos que compaxinen, ademais, a sustentabilidade e o aforro enerxético.

Neste contexto, Avanza2 ten como reto, non xa tanto a dinamización da oferta (en gran medida, xa lograda), senón o fomento da demanda, así como o aproveitamento do impulso do desenvolvemento do sector TIC para a consolidación dunha industria TIC propia especializada en sectores estratéxicos e sempre enfocada nas PEMEs, na que se centran a maior parte dos esforzos.

As iniciativas de Avanza2 agrúpanse en cinco eixos de actuación:

- **Desenvolvemento do sector TIC:** apoiar a empresas que desenvolvan novos produtos, procesos, aplicacións, contidos e servizos TIC, promovendo, como prioridades temáticas básicas, a participación industrial española na construción da Internet do Futuro e o desenvolvemento de contidos dixitais.
- **Capacitación TIC:** incorporar masivamente á Sociedade da Información tanto a cidadáns e cidadás, como a empresas, cunha prioridade reforzada nas PEMEs e os seus traballadores.
- **Servizos Públicos Dixitais:** mellorar a calidade dos servizos prestados polas Administracións Públicas en Rede, con énfase especial no apoio ás Entidades Locais e o desenvolvemento das funcionalidades do DNI electrónico, de cuxo desenvolvemento España é pioneira a escala internacional.
- **Infraestrutura:** reforzar o impulso ao desenvolvemento e a implantación da Sociedade da Información en contornas locais, mellorando a prestación dos servizos públicos electrónicos ao cidadán e ás empresas mediante o uso das TIC (TDT, ICT, etc.)
- **Confianza e Seguridade:** reforzar a confianza nas TIC entre a cidadanía e as empresas, mediante políticas públicas de seguridade da información, e fomentar a accesibilidade dos servizos TIC.

Ademais, o VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o período 2008-2011, o instrumento para o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica, fixa como obxectivos específicos situar a España na vangarda do coñecemento; promover un tecido empresarial altamente competitivo; desenvolver unha política integral de ciencia, tecnoloxía e innovación; a imbricación dos ámbitos rexionais no sistema de ciencia e tecnoloxía; avanzar na dimensión internacional como base para o salto cualitativo do sistema; conseguir unha contorna favorable ao investimento en I+D+i; e fomentar a cultura científica e tecnolóxica da sociedade.

O Plan Nacional de I+D+I 2008-2011 estrutúrase en catro áreas directamente relacionadas cos seus obxectivos xerais:

- **Área 1. Xeración de Coñecementos e de Capacidades Científicas e Tecnolóxicas:** Orientada a xerar coñecemento e capacidades no sector público e no privado, está relacionada co financiamento da investigación de carácter básico ou fundamental, coa capacitación de recursos humanos e a dispoñibilidade do equipamento e infraestruturas. A priorización non será temática senón aplicando fundamentalmente criterios de excelencia.
- **Área 2. Fomento da Cooperación en I+D:** Dirixida a fomentar a cooperación entre axentes e co marco internacional e rexional como escenario básico, a través do fomento da cooperación público-privada.
- **Área 3. Accións Estratéxicas:** Persegue a xestión integral das axudas dirixidas a cada unha das accións estratéxicas, incluíndo actuacións de investigación non orientada, ligadas con posteriores desenvolvementos até completar o círculo virtuoso da innovación, incluída a súa dimensión socioeconómica.

Marco de referencia rexional

Galicia acaba de comezar un dos retos máis importantes da súa historia, **o reto da súa segunda modernización**: unha modernización baseada nun novo modelo socioeconómico que se puxo en marcha co novo **Plan Estratéxico Galicia 2010-2014**.

Unha **modernización de toda Galicia e para toda Galicia**, que nos implica e nos **inclúe a todos**; que dá respostas comúns aos desafíos comúns que temos como pobo. Galicia é unha **cidade única** que debe responder de forma única aos retos que se lle presentan.

Por iso, o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 aposta pola **cohesión social e a calidade de vida dos cidadáns e cidadás**, pola **dinamización económica e o emprego**, a **sostibilidade e o equilibrio territorial**, por unha **administración máis cercana e eficiente** e por unha nova **economía baseada no coñecemento**, o que supón unha aposta decidida polo **cambio do actual modelo produtivo de Galicia**.

Unha aposta por atopar o camiño da **recuperación sostible** dentro do actual marco de austeridade e contención do gasto; unha aposta por unha economía na que o emprego das tecnoloxías da información ten un papel chave para acadar os retos que se marca Galicia para o futuro.

Galicia non pode quedar atrás no impulso das novas tecnoloxías como catalizadoras de cada un dos itinerarios marcados no Plan Estratéxico.

Este impulso era un compromiso con Galicia, que se materializa agora na **Axenda Dixital de Galicia e que dá resposta á estratexia da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías**.

A Axenda Dixital de Galicia é o instrumento que establece o xeito no que as políticas tecnolóxicas respaldan e reforzan transversalmente os distintos eixos de actuación do Plan Estratéxico; **é a resposta para 2014 ao reto do crecemento intelixente, baseado no coñecemento e na innovación**.

O horizonte 2020 é un horizonte de converxencia coa Unión Europea. Cómpre, por tanto, dispoñer dunha **estratexia clara en materia de Sociedade da Información** que nos permita competir como rexión no novo **mercado único dixital europeo**; que nos permita converter a economía actual nunha **economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial**.

Cómpre, así mesmo, que as nosas políticas estean plenamente **aliñadas coa Axenda Dixital Europea** para chegar en condicións óptimas ao novo período de financiamento a partir de 2014. Cómpre dispoñer dunha **Axenda Dixital de Galicia**.



Figura 2: Aliñamento da Axenda Dixital de Galicia coa Axenda Dixital Europea

Esta nova Axenda Dixital impulsará a **inclusión de Galicia no novo contexto dixital europeo** de forma definitiva no horizonte 2014. De novo Galicia márcase como obxectivo o reto da converxencia tamén en materia de novas tecnoloxías. Galicia ten que ser un país que compita no novo mercado único dixital europeo: **Galicia ten que pensar de forma global.**

Fronte ao momento de transformación que está a atravesar Europa e xa que logo Galicia, as novas tecnoloxías son un elemento chave para **saírmos fortalecidos da crise**, para camiñar cara a unha **economía intelixente** baseada no coñecemento e a innovación; cara a unha **economía sustentable** que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva; e cara a unha **economía integradora** cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.

A resposta a este enorme reto: 2014.gal **AXENDA DIXITAL DE GALICIA.**

Pero a nova Axenda Dixital de Galicia non só estará conectada co Plan Estratéxico, senón tamén co **novo Plan Galego de I+D+i** actualmente en fase de deseño, co **Plan Banda Larga de Galicia**, cos **Plans de competitividade dos diferentes sectores estratéxicos para a nosa rexión** (automoción, madeira, téxtil, construción naval, enerxía, pedra e rochas ornamentais e turismo) e coas **“Axendas Dixitais Locais”** que promoven o desenvolvemento da Sociedade da Información nunha contorna máis próxima á cidadanía.




Figura 3: Alíñamento do Plan Estratéxico 2010-2014 coas iniciativas estratéxicas galegas

4 Un plan diferente: principios inspiradores da Axenda Dixital

Os principios inspiradores da Axenda Dixital de Galicia son os seguintes:

- **Unha Axenda Dixital ao servizo dos obxectivos definidos polo Plan Estratéxico Galicia 2010-2014**

2014.gal Axenda Dixital de Galicia está totalmente aliñada co Plan Estratéxico Galicia 2010 -2014 xa que todas as súas liñas estratéxicas teñen un importante impacto nos eixos de actuación definidos no Plan.

Deste xeito queda patente a importancia da Axenda como mecanismo facilitador da **cohesión social, do benestar e a calidade de vida** dos galegos e da xeración de **emprego de calidade**, e como impulsor dunha **economía baseada no coñecemento** e unha administración **austera, eficiente e máis próxima** ao cidadán.

Tamén se converterá nun instrumento chave da **competitividade, capaz de dinamizar a nosa economía, impulsar o seu crecemento e fomentar o emprego sustentable**.




Figura 4: Impacto das liñas da Axenda Dixital cos Eixos do Plan Estratéxico

- **2014.gal: unha Axenda de todos e para todos**

2014.gal converterase na Axenda Dixital de toda Galicia e para toda Galicia, que nos implica e nos inclúe a todos; que dá respostas comúns aos desafíos comúns que temos como pobo. Unha **Axenda Dixital Única para Galicia** que permita o máximo aliñamento e coordinación de todos os axentes implicados na Sociedade da Información a través dun **liderado integrador**.

- **Unha Axenda que transforme Galicia nunha cidade única: “Galici@ en rede”**

A nova Axenda Dixital nace coa premisa de converter a Galicia nunha **cidade única** con capacidade para **pensar e actuar en rede**, que integre as sensibilidades individuais e colectivas, institucionais e empresariais e que formule unha estratexia para situarse, de xeito inequívoco, na vangarda tecnolóxica dun mundo global.

- **Axenda Dixital de Galicia: unha Axenda que sitúe ás persoas como eixo e motor da Sociedade da Información: “do cidadán que consume ao cidadán prosumer”**

A participación activa da cidadanía na xeración de contidos e na creación e desenvolvemento de servizos dixitais, representa unha excelente oportunidade para superar debilidades presentes e explorar as novas oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías. Para iso débense desenvolver servizos máis eficientes e ofrecer contidos de interese que contribúan a crear coñecemento e que melloren a calidade de vida e o benestar da cidadanía, e débese manter unha **tensión de aprendizaxe continua ao longo da vida**.

Xa que logo, é preciso unha cidadanía non só equipada e capacitada, senón tamén motivada e implicada, o que supón pasar “**da alfabetización dixital á autonomía dixital**”.

- **2014.gal: Galicia con identidade de seu na era dixital**

Galicia quere ser un lugar para vivir, traballar e investir. Para isto, Galicia ten que existir nas redes dixitais; debe difundir a súa cultura tanto dentro como fóra das súas fronteiras e favorecer a presenza da súa riqueza cultural, patrimonial, lingüística e social en Internet. A Axenda aposta por crear un país cuxa cidadanía, empresas e institucións sexan capaces de manter unha presenza rica, dinámica e continua da cultura galega en Internet e nos medios dixitais, que permitan preservar e divulgar a nosa identidade.

- **Unha Axenda Dixital sustentable**

2014.gal tamén quere ser verde e respectuosa co medio ambiente, quere desenvolver políticas sustentables tamén no eido das TIC, polo que impulsará a adopción dun modelo Green IT que contribuirá a unha redución do consumo enerxético de Galicia.

- **Unha Axenda austera: “facer máis con menos”**

No marco da nova economía baseada no coñecemento e para atopar o camiño da recuperación sostible, 2014.gal aposta pola austeridade e contención do gasto, mediante a incorporación de principios de xestión como a transversalidade, a eficiencia e o aforro de custes, entre outros.

- **2014.gal: “as TIC como medio non como fin”**

Unha Axenda onde o obxectivo xa non é a introdución das TIC: “as TIC polas TIC”, senón que as TIC convértense nun medio para lograr metas máis amplas en diferentes ámbitos (social, económico, etc.)

- **Unha Axenda que xere novas oportunidades: “a cooperación como elemento chave para crecer”**

Nun mundo tan cambiante, resulta adecuado e necesario cooperar para crecer nunha contorna global, máis competitiva e con fortes cambios tecnolóxicos.

2014.gal considera a cooperación entre as empresas galegas coma un elemento clave para incrementar a súa competitividade na nova economía aberta e globalizada.

- **Axenda Dixital de Galicia: “implicación efectiva das Administracións Públicas”**

En 2014.gal as Administracións públicas xogarán un papel relevante como axente económico de primeira magnitude, como dinamizador dunha cidadanía que aínda descoñece o potencial da súa participación activa na Sociedade da Información e o Coñecemento, e como garante da igualdade de oportunidades, da transparencia e da participación da cidadanía.

- **2014.gal: “unha aposta polo desenvolvemento continuo da I+D+i”**

A Axenda Dixital fomentará as actividades de I+D+i nos sectores estratéxicos de Galicia, para facer fronte á evolución das tecnoloxías e dos seus usos sociais, que obrigan a desenvolver un esforzo permanente de actualización competencial.

5 Marco estratéxico da Axenda Dixital

5.1 Visión 2014.gal

2014. gal Axenda Dixital de Galicia está orientada ao logro da seguinte **visión**:

“Unha rexión con identidade propia e cohesión social e territorialmente, formada por cidadáns e organizacións empresariais altamente competentes, capaces de transformar continuamente as súas actividades profesionais, persoais e sociais a través do uso pleno dos múltiples medios tecnolóxicos de información e comunicación que teñen a súa disposición, de cara a contribuír á creación de emprego e ao crecemento económico sostible de Galicia creando un novo modelo produtivo; onde se fomenta e posibilita o traballo en rede, o acceso ao coñecemento, a participación activa de todos os axentes implicados na sociedade do coñecemento e a proxección da cultura galega no mundo; e onde se mellora a calidade de vida dos cidadáns e se garante a súa autonomía persoal universalizando a cultura dixital na nosa comunidade”.

Para lograr esta visión é necesario artellar un **escenario de coordinación, cooperación e interrelación entre todos os axentes implicados**, que garanta e facilite a entrada definitiva de Galicia na Sociedade da Información e do Coñecemento:

- **Cidadás e cidadáns creativos, participativos e emprendedores:** fomentar unha cidadanía activa e autónoma dixitalmente, que perda o medo ao fracaso e sexa capaz de facer fronte aos retos que supón a nova economía do coñecemento.
- **Administración eficaz, eficiente e austeras:** lograr unha nova administración que “faga máis con menos” no marco da austeridade e da contención de gasto existente, cunha clara orientación ao cidadán a través de servizos públicos dixitais de calidade.
- **Empresas dixitais e innovadoras:** facer máis dinámicas e competitivas ás empresas galegas nos mercados emerxentes, fomentando a cultura de colaboración, impulsando a innovación como elemento diferenciador e facilitando a súa capacidade de adaptación.
- **Hipersector TIC:** Transformar o sector TIC nun sector forte e consolidado que se converta nun sector estratéxico e no motor do resto de sectores estratéxicos de Galicia, capaz de ser competitivo tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.
- **Infraestruturas de telecomunicacións:** impulsar a incorporación de infraestruturas de telecomunicacións de nova xeración, tractoras de novos servizos e posibilitadoras dun maior achegamento da cidadanía á sociedade do coñecemento.
- **Mecanismos e instrumentos de apoio:** fomentar as alianzas estratéxicas e a cooperación entre todos os axentes implicados, que faciliten o consenso e a unidade, e en definitiva, unha Galicia de todos e para todos.
- **Infoestruturas de soporte:** as infraestruturas de telecomunicacións non son suficientes se non existen servizos e contidos que motiven á cidadanía para usar as novas tecnoloxías e lles permitan exercer o dereito fundamental á información, á formación e á cultura, sempre de forma segura e confiada. Xa que logo, é preciso apostar por infraestruturas sólidas de soporte para a Sociedade da Información, a capacitación e formación para o acceso á información, e a dispoñibilidade dunha oferta de contidos e servizos atractivos e usables.

Por este motivo, a presente liña de actuación responde á necesidade de consolidar unha base reguladora sólida para o impulso da sociedade dixital e do coñecemento e a adopción por parte da sociedade de instrumentos seguros para o acceso á información.

Todos os axentes indicados son esenciais no seu conxunto, e todos eles deben ser abordados para que o modelo de actuación sexa completo e coherente. As relacións entre ditas variables establécense no seguinte gráfico:



Figura 5: Relacións das liñas da Axenda Dixital de Galicia

5.2 Metas da Axenda Dixital para 2014

O reto da converxencia dixital e o respaldo en materia tecnolóxica dos eixos de actuación do Plan Estratéxico 2014 de Galicia, materialízase nos cinco obxectivos estratéxicos da presente Axenda Dixital:

- **A modernización da Administración para facela máis eficiente e para achegala á sociedade**, ofrecendo novos servizos e de maior valor engadido que melloren a calidade de vida da cidadanía.
- **A competencia dixital** da poboación como base esencial para un **emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida**.
- **O cambio profundo**, coa panca do uso intensivo das TIC, **do modelo produtivo** para conseguir unha economía sustentable e innovadora.
- **A transformación e articulación dos axentes do hipersector TIC** para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores chave para Galicia.
- **O despregamento de infraestruturas de telecomunicación** para a vertebración territorial e como catalizador da innovación e a captación de investimento.

5.3 Principais compromisos de 2014.gal

A folia de ruta que establece esta axenda determina uns obxectivos para a converxencia con Europa e o crecemento sostible. Tendo en conta estes obxectivos, algúns dos compromisos que pode adoptar a Xunta de Galicia son os seguintes:

Crear emprego e riqueza

- Impulsarase a creación, **só no sector da economía de coñecemento** ou hipersector TIC, **de máis de 12.000 empregos ata 2014**, pasando do 1,6% ao 2,5% da poboación ocupada.
- Potenciarase a transformación do **sector da economía do coñecemento para aumentar a súa actividade económica en 800 M€** máis para o 2014, pasando do 4,8% ao 6% do PIB, e iniciando así a senda de **converxencia con España e con Europa** no que representa este sector para a economía dun país.

Construír unha administración máis eficiente e cercana

- A Xunta de Galicia reducirá nun 25% o gasto anual en TIC, **aforrando así 30M€ cada ano a partir do 2014** e dedicando eses cartos a accións de investimento no marco que define esta Axenda Dixital. **“Podemos conseguir unha administración que faga máis con menos”**
- Así mesmo, reafírmase o compromiso de que no ano 2014 todos os expedientes administrativos poderán ser tramitados a través de Internet.

Contar cunha cidadanía capacitada para o mercado global

- O **100% dos funcionarios públicos contarán con competencias dixitais** para construír unha administración máis eficiente e orientada ao cidadán.
- Adoptaranse medidas para **reducir drasticamente a fenda dixital**, establecéndose un obxectivo irrenunciable de **converxencia coa Unión Europea** nos indicadores esenciais de emprego das TIC en fogares, pemes e autónomos.

Dispoñer de infraestruturas de telecomunicacións modernas e sostibles

- O 100% da poboación poderá contar con banda larga de polo menos 2 Mbps e un millón de galegos terán acceso a redes de nova xeración con velocidades de 100 Mbps en 2013.

5.4 Liñas estratéxicas e programas de actuación

Para alcanzar o salto cualitativo implícito no reto que se presenta, establécense 7 liñas estratéxicas dentro da Axenda Dixital de Galicia:



Figura 6: Liñas estratéxicas da Axenda Dixital de Galicia 2014

Administración intelixente

A cidadanía e as empresas galegas disporán de **contidos e servizos dixitais públicos avanzados** que respondan ás súas necesidades e expectativas reais **para incrementar a súa calidade de vida**.

Na actualidade, está realizándose un gran esforzo para sentar as bases para un **desenvolvemento xeneralizado da administración dixital**, que en boa lóxica, deberá traducirse nunha explosión de servizos dixitais durante os próximos anos.

A innovación que impulsa esta axenda dixital debe proxectarse sobre o noso sistema de gobernanza. As institucións dun país do século XXI deben incorporar á súa organización, aos seus mecanismos de información e interlocución coa cidadanía, as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.

Administración eficiente

A administración pública xoga un papel moi importante no desenvolvemento da Sociedade da Información en dúas áreas fundamentais:

- Como usuaria das TIC, co fin de mellorar a calidade dos servizos públicos, modernizar a administración, profundar na transparencia da súa actuación, promover a participación cidadá e garantir os principios de eficiencia, eficacia, calidade e sustentabilidade.
- Como **dinamizador da Sociedade da Información**, por medio da formulación e execución de políticas que **promovan a penetración das TIC na sociedade** e o seu acceso a todos os axentes sociais.

Neste sentido, é obxectivo desta liña **transformar a Administración Pública Autonómica** desde dentro, como usuaria das TIC, realizando accións de **homoxeneización en canto a estratexia tecnolóxica** e adoptando criterios de **economía de escala que permitan a redución de custos e a mellora dos servizos prestados**.

Deste xeito, usaranse modelos para manter e mellorar o papel das TIC dentro da organización e, en xeral, promoveranse proxectos nos que a incorporación das TIC na actividade da Administración mellore o

benestar da poboación, proporcionando ferramentas eficaces que incidirán na redución de tempos e custos.

Cidadanía dixital

Galicia quere ser un país cohesionado cuxos cidadáns e cidadás sexan competentes tanto para **utilizar contidos e servizos dixitais avanzados** como, especialmente, para **colaborar activamente na súa creación e desenvolvemento**, poñéndoo ao servizo do **benestar individual e colectivo**.

Se Galicia quere avanzar na vangarda da Sociedade da Información, é imprescindible que a súa cidadanía teña as **competencias dixitais e a motivación necesaria** para participar activamente no seu desenvolvemento.

No contexto actual, as persoas necesitan **aprender continuamente novas ideas e capacidades** ou participar en actividades de **formación permanente**. Esta capacidade de aprendizaxe poderá aplicarse a novas tarefas, o que se traducirá en beneficios económicos e sociais.

Neste eido, as TIC abordan un papel dobre: por unha banda, ser un medio valioso para a **aprendizaxe permanente ao longo da vida** e, por outro, ser unha área en avance que esixe e facilita a **mellora constante das competencias individuais**.

Transforma TIC

O **sector TIC** de Galicia debe ser un dos **sectores estratéxicos da economía do futuro**, e debe converterse en **catalizador da competitividade do resto de sectores e da modernización da administración**.

É obxectivo da Axenda Dixital **impulsar o hipersector TIC**, de forma que sexa **un soporte á competitividade do país** á vez que se consolide como un **sector internacionalizado** e cun peso significativo na economía galega.

Este impulso pasa polo **aliñamento dos esforzos** de todos os axentes deste sector -universidades, centros tecnolóxicos, empresas, etc... -para **crear un círculo virtuoso entre oferta e demanda TIC**, convertendo a este sector en **tractor do resto de sectores estratéxicos** grazas a ou uso das TIC e tamén en beneficio da demanda tecnolóxica.

EconomiC-IT

As **empresas galegas**, independentemente do seu tamaño e sector, **utilizarán intensiva e extensivamente o TIC** para innovar tanto no desenvolvemento de produtos e servizos que satisfagan plenamente aos seus clientes, como na súa propia operativa e modelo de negocio, de maneira que poidan transformarse **optimizando en cada momento as súas capacidades competitivas**.

É preciso que as empresas galegas, especialmente **pemes e micropemes**, sexan capaces de utilizar as TIC **para ser máis eficientes, aumentar a súa produtividade así como para poder innovar e competir** en mercados até agora inaccesibles.

InfraTeleCom

As infraestruturas de telecomunicacións constitúen a **canle de acceso de cidadáns e empresas aos servizos avanzados da Sociedade da Información**, por isto, resulta necesario dispor dunha rede de **infraestruturas moderna e sustentable** que garanta o acceso a novos servizos e que contribúa ao **desenvolvemento económico e ao progreso** do país.

O impulso das infraestruturas de telecomunicacións para dar soporte á Sociedade da Información é **outro dos obxectivos da presente Axenda Dixital** xa que sen infraestruturas de telecomunicacións non hai Sociedade da Información e, por tanto, limítase enormemente o crecemento económico das empresas, a modernización da administración pública, a evolución dos servizos que esta debe prestar á sociedade, e a mellora do benestar por parte dos cidadáns.

Medidas instrumentais e de cooperación

Esta liña estratéxica permite dar **soporte ao desenvolvemento das anteriores liñas**, e a través dela, a Xunta de Galicia pretende establecer unha **administración áxil, de confianza e segura**, que simplifique as estruturas organizativas e que permita manter as **políticas de austeridade**.

Esta iniciativa require dun novo modelo de xestión das políticas tecnolóxicas que se adapte aos requirimentos dos novos tipos de servizo demandados pola sociedade e que permita incrementar a axilidade no desenvolvemento, o **reaproveitamento de recursos existentes e a coordinación entre os axentes involucrados**.

Constituír un novo **modelo de xestión áxil, eficiente, e flexible** que poida dar **resposta ás novas necesidades**, xunto coa posta en marcha de todas aquelas medidas adicionais que permitan unha **xestión integral, e deriven nunha redución de custos e optimización de esforzos**, constituirán o eixo de actuación desta liña estratéxica.

Neste sentido, e para buscar o máximo **aliñamento e coordinación**, e por tanto sinerxías e aforro de custos, adquire unha clara relevancia a necesidade de desenvolver **actuacións de coordinación e liderado no eido tecnolóxico con concellos e deputacións**, que melloren as actuais vías de cooperación con ditas entidades e permitan consolidar unha **Axenda Dixital Única para Galicia**.

6 Administración intelixente

O uso axeitado das TIC por parte das Administracións ten a capacidade de transformar as relacións que se establecen entre os gobernos e a cidadanía contribuíndo ao desenvolvemento da sociedade e a unha mellora da calidade de vida.

Para que a inclusión das TIC se realice de forma axeitada é preciso un cambio no modelo de administración e na forma na que se prestan os servizos públicos, tarefas incluídas no plan eGoberno 2013, iniciativa desenvolvida pola Xunta baixo a que se desenvolven todos os plans de modernización e mellora dos servizos públicos a través das TIC.

Coa posta en marcha desta liña estratéxica, perséguese alcanzar os seguintes obxectivos:

- Incluir as **TIC en todos os ámbitos dos servizos públicos**. Ir do concepto da Administración electrónica ao concepto de eGoberno, avanzando na modernización da administración e non só na súa informatización. A introdución das tecnoloxías debe supoñer unha mellora do servizo que se presta á cidadanía e un incremento na xestión eficiente dos recursos públicos.
- **Adaptar o modelo de administración** ás novas posibilidades de xestión. A incorporación das TIC supón unha ruptura cos modelos clásicos de xestión dentro das administracións públicas e obriga a adaptar os fluxos de información e tramitación para aproveitar o potencial dos novos soportes e a xestión das inxentes cantidades de información que se volve inaccesible para a administración. Todo iso dirixido a facilitar a relación da cidadanía coa administración.
- Prestar os servizos públicos transmitindo **seguridade e confianza**, asumindo o reto da interoperabilidade. Dende o goberno e a administración débese exercer o liderado dentro da sociedade en canto ao uso e aproveitamento das TIC. Facer que o cidadán se familiarice coa tecnoloxía, desenvolva unha cultura dixital e adquiera seguridade e confianza no seu uso. Por outro lado, o desenvolvemento dos sistemas de información debe contribuír ao intercambio de datos entre as administracións, de forma que o cidadán non teña que relacionarse con todos e cada un dos niveis da administración dun xeito distinto. Débese facilitar a comunicación e a redución da carga administrativa que esta poida levar aparellada.
- **Facilitar a vida** á cidadanía mediante a mellora dos servizos prestados en ámbitos como: sanidade, xustiza, benestar... Coa introdución das TIC na prestación dos servizos, non só se pretende mellorar a súa xestión, senón tamén mellorar o servizo prestado. Cando menos, a introdución das TIC debe supoñer: un incremento no volume do colectivo atendido -maior alcance dos servizos-, a introdución de novas funcionalidades no servizo -por exemplo, a teleasistencia - e por último, un incremento da accesibilidade e a usabilidade dos servizos, -por exemplo, mediante a atención permanente aos cidadáns, servizos 24x7-.
- **Mellorar a competitividade** do tecido produtivo galego. A administración, no desenvolvemento das políticas do goberno, realiza un importante labor de mellora e fortalecemento dos sectores produtivos cun claro enfoque na mellora do emprego e da sociedade en xeral. Neste senso, deséxase usar as TIC como panca na que apoiarse para multiplicar os beneficios das devanditas actuacións, incrementando a produtividade e a competitividade de Galicia, e convertendo ás TIC nun elemento clave para a modernización do tecido produtivo galego.
- Garantir uns **servizos públicos homoxéneos** en todo o territorio mediante a colaboración entre as administracións públicas. Todos os galegos teñen dereito a dispoñer duns servizos públicos cun nivel de calidade axeitado, sen existir diferenzas pola situación xeográfica. Ademais as administracións deben colaborar, por exemplo, compartindo coñecementos, infraestruturas e investimentos tecnolóxicos para garantir un servizo público homoxéneo en toda Galicia. Desta forma, contribúese ao arraigamento das persoas e evítase a despoboación das zonas menos accesibles. A tecnoloxía debe ser un factor moi

importante para romper o illamento histórico dalgunhas comarcas cuxa orografía dificultou unha comunicación fluída e a disposición duns servizos públicos accesibles.

Para alcanzar os obxectivos descritos, débese desenvolver e implantar o concepto de eGoberno, o cal incide en todos os ámbitos de actuación da administración. Os seguintes elementos identificáronse como claves para a implantación da estratexia de modernización:




Figura 7: Enfoque e-Goberno

Para adaptarse **aos novos modelos de relación** que se impoñen na sociedade da man das TIC é **preciso un cambio** normativo, organizativo e tecnolóxico.

A chegada da **Administración electrónica**, especialmente dende a entrada en vigor da Lei 11/2007 de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, facilita o desenvolvemento **do marco regulatorio necesario** para o uso da tecnoloxía na tramitación administrativa con plena garantía e seguridade.

Dende a Xunta trabállase no establecemento do devandito marco, permitindo o uso da tecnoloxía e facilitando os cambios organizativos precisos para a súa adopción, que se desenvolven na liña estratéxica 7 de medidas instrumentais e de cooperación.

E, por último, en canto á adopción **da tecnoloxía necesaria** para as relacións dixitais, esta débese incorporar de xeito transversal, cumpríndose cando menos os seguintes fitos:

- Implantar a **identidade dixital** do empregado público.
- Desenvolver **canles electrónicas** seguras, claramente identificadas e sinxelas para a comunicación coa cidadanía.
- Establecer un **Punto de acceso único** da cidadanía as empresas coas administracións públicas, dende o cal poida consultar todos os seus asuntos e realizar os seus trámites; chegando mesmo a dispoñer dunha "carpeta cidadá" onde xestionar a relación administración-administrado.

- **Arquivo electrónico** central da Administración galega que garanta o mantemento ao longo do tempo de todos os documentos electrónicos. Coa Administración electrónica chega un novo soporte legal, distinto do papel, que incorpora novos requirimentos para a súa conservación. Por iso, é preciso desenvolver unha solución conxunta das administracións que minimize os dous principais riscos asociados ao soporte electrónico: a obsolescencia tecnolóxica dos soportes e formatos e a ruptura das garantías de integridade da información.
- **A colaboración entre AAPP**, é outro elemento clave para o desenvolvemento da estratexia de eGoberno. Tres son os factores principais nos que a colaboración desempeña un labor crítico.
- Primeiro, os cidadáns deben percibir uns **servizos públicos homoxéneos**, garantíndose o mesmo nivel de calidade, acceso e servizo de todos eles. As administracións, polo tanto, deben corresponsabilizarse e cooperar, implantando os mesmos estándares e procedementos de actuación.
- Segundo, débese garantir a **reutilización dos investimentos en sistemas** de información. Hai que evitar que a cidadanía teña que pagar varias veces polo mesmo sistema cando xa se dispón deste noutras administracións.
- E en terceiro lugar, a colaboración é precisa para poder facer fronte **ao reto da interoperabilidade**. Reto máis organizativo e funcional que tecnolóxico.

En conclusión a colaboración entre as AAPP é un elemento clave e desenvolverase en actuacións como o plan eConcellos.

Seguindo coa descrición dos elementos clave para a posta en marcha da estratexia de eGoberno, comentamos o relativo á participación cidadá.

A calidade, a pertinencia e a eficacia das políticas da Administración implican unha ampla participación dos cidadáns en todas e cada unha das distintas fases do proceso, dende a concepción ata a súa aplicación, por exemplo, nos servizos públicos. Unha participación reforzada polo uso das tecnoloxías debería xerar unha maior confianza nos resultados finais e nas institucións que as aplican. Para iso, é preciso:

- Facilitar **a transparencia e a información** dende a Administración cara á cidadanía. Que poidan coñecer que se fai e o porqué, de forma que poidan dispoñer dos elementos necesarios para a crítica construtiva e a achega de ideas de mellora.
- Crear plataformas de **colaboración entre administración e cidadanía**, que permitan unha comunicación fluída entre ambas as dúas, establecéndose espazos de diálogo para o intercambio de opinións.
- Expoñer as políticas que se van desenvolver ante a **opinión pública**, e garantir e publicitar os **sistemas de avaliación** que se van adoptar, así como, os resultados destes.

O desenvolvemento e a madurez dos servizos públicos dixitais é outro elemento crítico porque mellora a calidade de vida das persoas, e favorece a xeración dunha cultura dixital dentro dos perceptores dos servizos. O uso da tecnoloxía para a prestación de servizos públicos foi frecuente, en especial, cos primeiros avances normativos que xa se empezaron a introducir na lexislación española coa aprobación de Lei 30/1992. Dende entón, momento no que só se poñían en marcha iniciativas illadas, ata o momento actual, produciuse unha evolución que obriga a:

- Buscar **a eficiencia na xestión**, desenvolvendo os sistemas de información conforme a unha estratexia definida, tal e como se desenvolve na liña 2 deste plan.
- Incrementar o impacto do servizo público, incorporando novos sistemas de atención, por exemplo, mediante servizos desasistidos guiados por sistemas intelixentes (portais de voz, sistemas automatizados de tramitación, autoliquidacións,...) que faciliten o acceso a un maior número de persoas coa mesma dotación de recursos.

- Crear **novas canles de acceso** para a prestación de servizos que faciliten a atención ao administrado, por exemplo, canles electrónicas (internet, televisión, móbil) que permitan a deslocalización e a atención permanente 24 x 7 para a recepción ou solicitude dun servizo público. Igualmente, as novas tecnoloxías permiten novas canles máis accesibles, que rompen as barreiras coa cidadanía con algún tipo de discapacidade (permanente ou temporal) que lles impedía facer uso das canles tradicionais.
- É preciso incrementar o valor que se percibe pola cidadanía. Para iso, débese facer un esforzo por fomentar **a reutilización da información pública**. Por exemplo, estudos, estatísticas, informes,... que pode ser moi útil e achegar valor a diferentes sectores da sociedade, principalmente económicos e sociais.
- **Incrementar a proactividade** da Administración. As tecnoloxías da información permiten con poucos recursos tratar unha cantidade inxente de datos. Con iso pódense poñer en marcha iniciativas que faciliten o día a día das cidadás e cidadáns e a realización das súas obrigas e dereitos fronte á administración. Actuando proactivamente a administración, por exemplo, mediante a realización das renovacións das matrículas escolares nos centros de oficio e só sendo necesaria a confirmación por parte dos pais ou titores dos datos contidos nesta, facilítase a redución das cargas administrativas do conxunto da sociedade, reducíndose enormemente o tempo dedicado a esta, así como os recursos destinados á súa xestión.

E, por último, o desenvolvemento de **plans de modernización sectorial** completa o quinto elemento clave para o desenvolvemento da estratexia de eGoberno. Estes plans, mediante a inclusión das TIC pretenden mellorar e dar un impulso socioeconómico a Galicia. Para iso, as actuacións incluídas nestes deben:

- **Fortalecer as infraestruturas tecnolóxicas produtivas**, logrando incrementos na produtividade das empresas. Para iso, desenvolveranse actuacións que promovan o uso das TIC e para as que se contará coas asociacións e agrupacións sectoriais como prescriptores destas.
- Igualmente, **poñeranse en marcha accións de sensibilización** sobre o uso das TIC, que faciliten a xestión do cambio que supón a introdución dunha nova tecnoloxía en calquera organización.
- A organización **do tecido produtivo e as entidades que a representan** considérase un factor crítico para o desenvolvemento da estratexia, polo que estas xogarán un papel fundamental na posta en marcha dos plans de modernización. Ademais, colaborarase con elas para a súa mellora e fortalecemento, facilitando a introdución de novos sistemas de información na súa xestión.
- A **mellora da capacitación tecnolóxica** dos recursos humanos da rexión é unha prioridade. Dende os plans de modernización poñerase un especial interese en garantir a capacitación das persoas co obxecto de favorecer a inclusión das TIC nos sistemas de produción.

Para o desenvolvemento desta liña estratéxica é necesaria a execución dun conxunto de actuacións. As actuacións ou programas que se encadran dentro desta liña estratéxica teñen a entidade de plan, e inclúen actividades e tarefas que son o froito da translación da estratexia e o enfoque de eGoberno a cada un dos seus ámbitos de actuación particulares.

A continuación enuméranse os principais programas que se identificaron para a súa posta en marcha.

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L1-P1: Modernización da Administración (Administración electrónica)
Tramitación electrónica integral Eliminación da petición da documentación que obre en poder da Administración Pública Constitución da sede electrónica da Xunta de Galicia Creación da carpeta cidadá / carpeta de empresa Sistema de Información ao cidadán Dixitalización no rexistro presencial e posta en marcha do rexistro electrónico Servizos dixitais para o empregado público Posta en marcha do arquivo documental dixital Sistema de Información analítica, para a avaliación da xestión pública
L1-P2: Impulso da colaboración e acción coordinada entre AAPP
Sistema electrónico de votacións Recollida de firmas electrónicas Desenvolvemento de novas canles de interacción Plataforma de participación cidadá Publicidade de desenvolvementos normativos
L1-P3: Modernización dos servizos da Sanidade a través das TIC
Accesibilidade da cidadanía á sistema a través do uso das TIC Garantizar a dispoñibilidade, seguridade e calidade da información sanitaria Aumentar a eficiencia, a calidade e a capacitación non traballo dos profesionais a través do uso de ferramentas tecnolóxicas Integración entre os distintos niveis asistenciais Universalizar o acceso dos profesionais aos servizos TIC Modernización dos sistemas de xestión
L1-P4: Desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia. (Senda2014):
Establecemento do Nodo Tecnolóxico da xustiza en Galicia Dotación dos medios técnicos necesarios para a realización da actividade de Xustiza Evolución cara o Expediente Xudicial Electrónico Interoperabilidade con todos os intervinientes e outros Organismos Adecuación a normativa de Protección de Datos Mellora continua da prestación do servizo TIC ao “Cliente interno Dinamización do uso dos Sistemas de Información
L1-P5: Servizos sociais e de benestar Dixitais
Oficina multicanle dependente Sistema integrado de xestión Historia social da dependencia Canal do dependente Impulso vida saudable Espazo migración

L1-P6: e-Igualdade
Modernización sistemas (Ordes de protección, Xestión documental, repositorio legal, explotación de datos...) Plans de formación en igualdade Servizos de información á muller
L1-P7: e-Seguridade (Plan Director de Seguridade da Información)
Xestión da continuidade y dispoñibilidade Protección de datos de Carácter persoal Formalización da seguridade en todos os procesos Plan de comunicación e divulgación Xestión de Riscos

7 Administración eficiente

A misión principal desta liña estratéxica é homoxeneizar os sistemas de xestión TIC da Xunta, de maneira que cada unha das dependencias con responsabilidade de xestión en sistemas TIC poida funcionar coordinadamente, baixo unhas directrices operativas e estratéxicas unificadas, proporcionando servizos eficaces aos usuarios (eficacia medida contra as súas percepcións de rendemento, dispoñibilidade, capacidade e conformidade) e á vez facilitando o cambio eficaz a través das TIC.

Os obxectivos principais que se perseguen para acadar unha administración eficiente son os seguintes:

- Proporcionar servizos de calidade e eficaces aos usuarios aliñados coas necesidades e directrices estratéxicas.
- Xestión eficiente do gasto: Facer máis e mellor con menos
- Homoxeneizar e consolidar sistemas de xestión TIC, baixo unhas directrices operativas e estratéxicas unificadas de interoperabilidade.
- Transferencia e compartición do Coñecemento TIC en Galicia

A directriz principal do novo esquema de xestión das TIC da Xunta é a orientación ao servizo: As TIC estarán preparadas para responder ás demandas da Actividade Pública de forma sostible, garantindo a operación do día a día, e facilitando os cambios:

- **Sostibilidade:** Os recursos empregados en TIC minimizarán o consumo enerxético e a produción de residuos, e á súa vez suporán o menor gasto económico posible para subministrar os servizos demandados coa calidade requirida ao longo do tempo.
- **Operación Eficaz:** As TIC permitirán operar con eficiencia e eficacia os sistemas instalados, evitando innecesarios tempos de improdutividade dos usuarios.
- **Cambio Eficaz:** As TIC estarán permanentemente aliñadas para facilitar os novos cambios, tácticos e estratéxicos, demandados polas novas necesidades da Actividade Pública.

Os servizos ofrecidos dende as TIC da Xunta serán independentes de como se organicen e xestionen internamente. Garantiranse uns niveis de servizo e unhas calidades de servizo. A xestión dos recursos TIC da Xunta (aplicacións, datos, tecnoloxía e infraestrutura) considérase ámbito de xestión interno e será transparente para os usuarios que consuman estes servizos.




Figura 8: Enfoque Administración Eficiente

Segundo o Fondo Monetario Internacional, en 2010 a economía mundial estase a recuperar da recesión. Non obstante indica que a economía española seguirá contraéndose un 0,4% este ano. Neste contexto, dende as diferentes administracións estase a realizar un esforzo na toma de medidas específicas que permitan unha redución sobre o gasto público. As TIC non deben quedar á marxe deste contexto actual, e deben colaborar na medida do posible no cumprimento destes compromisos, sen deixar de lado a calidade dos servizos que ofrecen. En concreto a través da aplicación de criterios de austeridade, consolidación, homoxeneización e políticas green IT, aliñadas coas boas prácticas en xestión TIC, preténdese conseguir un modelo eficiente de xestión do gasto permitindo a redución do investimento TIC en máis dun 25%.

Na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal definíronse unha serie de iniciativas destinadas ao cumprimento do obxectivo dunha xestión eficiente do gasto e sostibilidade da Xunta de Galicia en materia TIC:

- Sostibilidade a través de políticas de Green IT.
- Racionalización do gasto TIC.
- Xestión unificada dos activos TIC.
- Impulso do uso de software libre.

Ata hai uns anos, a principal preocupación dos departamentos TIC era satisfacer as necesidades do negocio aumentando as capacidades de procesamento e almacenamento, sen poñer apenas atención a factores ambientais de eficiencia enerxética. Non obstante estímase que durante os próximos cinco anos, a maioría de centros de datos de empresas gastarán tanto diñeiro en enerxía (potencia e refrixeración) como en infraestrutura hardware.

Tamén hai unha crecente preocupación das administracións, empresas e a cidadanía en todo o relativo a aspectos de preservación ambiental, e neste sentido os gobernos están a reaccionar a estas preocupacións

a través da inclusión de lexislación en materia de sostibilidade e mellora ambiental. O 19 de Decembro de 2009 o cumio do cambio climático de Copenhague pechou con bastante escepticismo, sen conseguir ningún acordo nos obxectivos para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro. Non obstante, non hai dúbida que as regulacións neste aspecto seguirán emerxendo, polo que é indispensable que se empecen a establecer programas para identificar os riscos e custos, tanto actuais coma futuros, do desenvolvemento das devanditas regulacións.

Galicia debe posicionarse como un claro referente non uso das TIC dun modo enerxeticamente eficiente e respectuoso co medio, sendo o abandeirado no cumprimento dos distintos compromisos internacionais adquiridos polos Estados Membros da UE. É por iso que a Xunta de Galicia, dentro da súa estratexia, apostará por unha política global de aforro de consumo de enerxía e residuos derivados dos servizos TIC, denominada sostibilidade a través de políticas de Green IT, potenciando o papel fundamental das TIC para a consecución dos obxectivos ambientais, garantindo unha economía sostible e sendo a panca na difusión e aplicación da devandita política entre a cidadanía, alcanzando unha redución do consumo de enerxía das infraestruturas TIC dun 30% en 2014, o que significa dez puntos por enriba da media acordada para Europa en 2020 e unha redución dous puntos no PUE (Power Usage Effectiveness) dende 3,6 en 2010 a 1,6 en 2014.

En busca dunha redución dos custos directos deberanse adoptar medidas para a racionalización do gasto TIC, pero sen reducir a calidade dos servizos prestados á cidadanía. Os departamentos de TIC convertéronse en organizacións profesionais cunha clara visión dos resultados que necesitan dos provedores de servizos de TIC.

Con vistas a conseguir os obxectivos formulados en canto a dispoñer dunha administración máis eficiente enmarcada dentro dun plan de austeridade aliñado co contexto económico actual, débense abordar unha serie de medidas especiais:

- Iniciativas de mellora das adquisicións TIC, conseguindo mellores prezos e termos de compras TIC a través da renegociación de contratos, aumento do tempo de vida das estacións de traballo e consolidación de contratos de hardware e software.
- Iniciativas de aforro de custos en TIC, como a virtualización de almacenamento e servidores, distribución automatizada de software, mellora da implantación de procesos TIC, consolidación dos centros de procesos de datos, e adopción de políticas de software libre e de fontes abertas.
- Iniciativas que faciliten a innovación e a restructuración da actividade, como pode ser compartir centros de atención ao usuario, call centers e estandarizar aplicacións administrativas.

A través da centralización da función de compras de activos e servizos TIC, aproveitando economías de escala, e a consolidación de contratos en servizos agregados de maior volume, preténdese conseguir un **aforro global do 25% do gasto anual TIC e do 30% en custos de mantemento**, reasignar recursos cara a servizos que xeren un valor diferencial da Xunta de Galicia alcanzando unha maior efectividade do investimento público.

É esencial aplicar un conxunto de boas prácticas para a xestión de aplicacións que debe xirar sobre dous eixes, a satisfacción do cliente e o aforro de custos, nun prazo de catro anos.

Outro punto importante son as actividades relacionadas coa **consolidación e homexenización da infraestrutura**, cuxo obxectivo principal é a consolidación dos servizos mediante a súa centralización nun único CPD e a estandarización da plataforma tecnolóxica reducindo a disparidade actual de fabricantes e tecnoloxías á vez que diminúen as necesidades de hardware e espazo físico. Todos os novos servizos implantaranse sobre unha infraestrutura consolidada reducindo nun 30% as necesidades de investimento en hardware.

Con iso preténdese tomar medidas que permitan optimizar a administración dos recursos vinculados aos seus servizos de TIC, clarificando os custos en activos de hardware, software e comunicacións para

optimizar o investimento en TIC necesario para garantir sostibilidade do seu modelo de negocio. Esta práctica estará aliñada con prácticas financeiras e de xestión de provedores, abrangendo todo o ciclo de vida dos activos de TIC para lograr eficacia no investimento e eficiencia na xestión, o que presentará varias vantaxes económicas:

- Redución de custos.
- Aumento de eficiencia.
- Aproveitamento óptimo de investimentos de TIC.
- Transformación de custos fixos en variables.

É clave que utilicen os novos servizos con total confianza, grazas á seguridade e calidade percibidas, polo que se porá en marcha unha iniciativa para a **racionalización dos sistemas de información, conseguindo en 2014 un aforro do 15% en custos de mantemento.**

Os cambios organizativos resultantes dos cambios de goberno nas administracións públicas, e en particular na Xunta de Galicia, provocaron a aparición de procesos de negocio complexos, pouco estruturados e con alto nivel de acoplamento. Como consecuencia os gastos de mantemento chegan a ser excesivos e a calidade dos sistemas diminúe segundo se incorporan novas funcionalidades. A Xunta debe definir unha arquitectura común orientada a servizos (SOA), na que se restrinja na medida do posible, os graos de liberdade dos desenvolvedores de software, conseguindo aplicacións de maior calidade, e reducindo considerablemente o tempo de desenvolvemento. Esta arquitectura deberá ser deseñada con vistas a facilitar a interoperabilidade dos sistemas creando un concepto, unha tecnoloxía e un marco de procesos que vai permitir á administración desenvolver, interconectar e manter aplicacións e servizos de xeito eficiente e económico. Os continuos cambios na administración, requiren de procedementos de cambios áxiles. A definición dunha arquitectura robusta, en combinación cunha estratexia global de mantemento de aplicacións, aumentan considerablemente a produtividade e a creación de novos servizos que ofrecer ao cidadán.

Os procesos de negocio impleméntanse como unha "orquestración" de servizos individuais, intercalando lóxica de negocio e decisións no transcurso do proceso. A situación dos servizos debe ser transparente e deberá estar controlada por un Bus de Servizos. Adicionalmente é indispensable deseñar a estratexia de interoperabilidade baixo o paraugas do Real Decreto que regula o esquema de interoperabilidade, no que se establecen as condicións técnicas que han de cumprir todas as administracións na súa relación entre si e cos cidadáns e cidadás, o que suporá un paso adiante no desenvolvemento dos principios da lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Un dos puntos importantes do esquema é a necesidade do uso de estándares abertos, polo cal tamén debe estar aliñada co impulso cara ao uso de software libre proposto por este plan estratéxico. En relación con isto, a Xunta debe ofrecer mecanismos que garantan á cidadanía e ás empresas a liberdade de elixir as aplicacións ou sistemas para relacionarse coa administración.

A Racionalización da Carteira de Aplicacións deberá analizar e reestruturar o conxunto completo de aplicacións da Xunta de Galicia. A asunción dun proceso de redución / consolidación de aplicacións (racionalización, na súa concepción estendida) é un reto complexo para as organizacións. Ademais, é preciso asegurar que todas as partes implicadas pola iniciativa son conscientes e coñecedoras desta, tanto dende o punto de vista da lóxica das accións que permiten tomar as decisións coma dos beneficios potenciais que tales decisións poden achegar.

Adicionalmente, a través da implantación de actividades destinadas ao aseguramento e o control da calidade dos sistemas, alcanzase unha redución dos custos da non calidade, e consecuentemente unha **redución nos custos de mantemento dun 15%**, conseguindo así unha redución total dun 30%, tal e como se indicaba anteriormente.

É fundamental para a implantación dun modelo de austeridade unha estratexia TIC de consolidación de servizos. **A evolución de servizos cara a Cloud Computing** establecerá un modelo de prestación de servizos de TIC de xeito que todas as aplicacións sexan accesibles nunha infraestrutura centralizada, que garantan a escalabilidade, rendemento e actualización de versións de xeito transparente, reducindo o tempo de posta en produción dos novos servizos, de forma que a tecnoloxía sexa usada pola xente preocupándose só do que pode facer con ela, e non por como implementala. A Xunta actuará así como provedor de servizos de cloud computing para o resto das unidades da Administración.

Segundo a "Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares 2009" realizada e publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), no que se refire á distribución por Comunidades Autónomas, só Extremadura ten menos vivendas con acceso a Internet que Galicia. Non obstante, cando se trata da relación de cidadáns e cidadás que utilizan Internet para acceder a servizos de información da súa Comunidade Autónoma Galicia, na citada enquisa, ascende catorce postos ata o segundo lugar. Este último dato pon de relevo a importancia que ten en Galicia o acceso por medios electrónicos aos servizos prestados pola Xunta. Para manter e aumentar no futuro esta tendencia, débese xerar no cidadán a confianza necesaria sobre o uso destes medios telemáticos para relacionarse coa Xunta. A formalización e implantación das **Políticas de Seguridade da Información como xeradoras de confianza** farán foco naqueles aspectos da seguridade que poderían afectar en maior medida á boa imaxe do acceso aos servizos públicos da Xunta por medios electrónicos: a dispoñibilidade e continuidade dos servizos; e, o cumprimento legal ("Lei Orgánica de Protección de Datos" e o "Esquema Nacional de Seguridade" fundamentalmente).

As administracións da Unión Europea empezaron a adoptar iniciativas e actuacións para favorecer e impulsar o uso do software libre. O 24 de febreiro de 2008, o gabinete de presidencia do Reino Unido publicou un novo plan de acción para o uso do software libre o cal substituíu unha versión anterior publicada no 2004. Esta nova política non só trata actuacións de código aberto, senón tamén a adopción de estándares abertos e a reutilización do software nas administracións.

Neste sentido, a Xunta de Galicia lanzou unha iniciativa para a promoción, difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en software libre e fontes abertas, posibilitando o licenciamiento como software libre e de fontes abertas software propiedade da Xunta desenvolvido con fondos públicos. O plan de acción neste ámbito ten por obxecto as seguintes accións:

- Achegar o Software Libre á Peme galega, potenciando o desenvolvemento da industria TIC local
- Impulsar unha oferta de solucións baseadas en software libre e de fontes abertas de calidade, facendo fincapé en dar resposta a sectores estratéxicos.
- Impulsar a implantación efectiva dos estándares abertos, que permitan a coexistencia con aplicativos de software propietario.
- Fortalecer os mecanismos de formación e difusión respecto aos modelos de desenvolvemento de software libre e de código de fontes abertas nas súas variantes competitivas.
- Fomento do Repositorio de software Libre en Galicia, como ferramenta estratéxica para o desenvolvemento do software libre en Galicia.

Como consecuencia do anteriormente exposto, en 2014 a Xunta márcase como obxectivo reducir o 30% o custo das licenzas software a favor de software libre e de fontes abertas e conseguir un aforro dun 5% do orzamento de TIC a través do impulso do uso de software libre.

As boas prácticas aplicadas na xestión interna das TIC da Xunta posicionarán a Galicia destacadamente no panorama español, permitindo:

- Que os funcionarios se dediquen principalmente a tarefas de valor, menos técnicas e máis de xestión de provedores de servizos externos.

- Que os modelos de xestión utilizados e perfeccionados internamente, construídos aplicando as boas prácticas de xestión TIC, poidan ofrecerse como modelos de referencia aplicables ao sector TIC.
- Que as actividades internas de innovación, necesarias para anticipar as necesidades futuras, poidan difundirse a través de centros de transferencia tecnolóxica, impulsando deste xeito a innovación externa.

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L2-P1: EVOLUCIÓN HACIA SISTEMAS DE INFORMACIÓN GLOBAIS
Implementación dun servizo para a racionalización dos sistemas de información Evolución e unificación dos sistemas corporativos da Xunta
L2-P2: CONSOLIDACIÓN E HOMOXENIZACIÓN DA INFRAESTRUCTURA
Consolidación dos Centros de Procesos de Datos da Xunta Implementación dun centro de Respaldo de Servizos Modernización e homoxeneización do soporte a usuarios Estudo, selección e Implantación de ferramentas de xestión corporativas
L2-P3: INTEROPERABILIDADE E HOMOXENIZACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS
Implementación dun modelo único de interoperabilidade Identificación e implantación de arquitectura corporativa Homoxeneización dos sistemas base da plataforma base Homoxeneización do software común dos sistemas de xestión
L2-P4: IMPLANTACIÓN DUNHA XESTIÓN EFICAZ DO GASTO TIC
L2-P5: MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS
Implantación de servizo de oficina de calidade Implantación de servizo de factoría de probas
L2-P6: INSTAURACIÓN POLÍTICAS DE SEGURIDADE DE INFORMACIÓN COMO XERADOR DE CONFIANZA
Definición da Política de Seguridade e estruturación da normativa e procedementos de seguridade
L2-P7: EVOLUCIÓN HACIA PROVEEDOR DE SERVICIOS TIC
Definición e seguimento dunha estratexia de Cloud Computing Definición da arquitectura corporativa
L2-P8: SOSTIBILIDADE A TRAVÉS DE POLÍTICAS DE GREEN IT
Definición e seguimento dunha política de Green IT
L2-P9: IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE
Implantación da estratexia de Software libre e de código de fontes abertas na Xunta

8 Cidadanía Dixital

O mundo actual está sometido a cambios e desafíos provocados polo desenvolvemento tecnolóxico, as relacións interculturais e a globalización económica, pasando dun modelo baseado na produción industrial a unha **Sociedade da Información e do Coñecemento** **cambio** que trae consigo transformacións que afectan á forma tradicional de pensar, actuar, aprender e de vivir. A aparición de novas oportunidades que derivan deste novo modelo social e a necesidade de adaptarse a elas é unha realidade innegable que non pode ser allea.

Malia que nos últimos anos Galicia incorporou os elementos clave da Sociedade da Información, aínda non os integrou plenamente e **non alcanza os niveis dos países máis avanzados de Europa**-que se conectan a Internet fano para **acceder a servizos básicos** como obter información, acceder ao correo electrónico, etc., pero non para acceder a servizos avanzados (banca electrónica, comercio electrónico, para interactuar coas Administracións Públicas,...)

Polo que o futuro da Sociedade da Información en Galicia pasa por dotar a cidadanía das competencias e formación necesarias e **por asegurar a participación de todos en igualdade de condicións**, o que implica facilitar o acceso ao emprego das TIC ~~senón~~ e desenvolver mecanismos apropiados para que aqueles colectivos tradicionalmente en risco de exclusión (persoas maiores, persoas en situación de dependencia, amas de casa, persoas con discapacidade) sexan quen de incorporalas a súa vida cotiá.

Neste contexto, **2014.gal Axenda Dixital de Galicia**, definiu unha liña estratéxica **“Cidadanía Dixital”** coa finalidade de consolidar unha comunidade galega competente tecnoloxicamente que poida acceder de xeito igualitario aos contidos e servizos dixitais.

Por tanto, para converter á cidadanía galega nunha cidadanía participe na nova Sociedade da Información resulta necesario, en primeiro lugar conseguir un **cambio de percepción** sobre o uso e utilidade das TIC dada a falta de coñecemento presente entre a cidadanía sobre as vantaxes que achega o seu uso. En segundo lugar, é preciso **incentivar e motivar á poboación dos beneficios que ofrecen o uso das TIC na súa vida diaria** para que os galegos tomen conciencia do impacto que as TIC teñen no progreso e crecemento da comunidade e se impliquen de forma activa na evolución cara ao novo modelo social e económico. Finalmente, é necesario **incorporar os coñecementos sobre as novas tecnoloxías como valor crítico na formación básica de toda a cidadanía**, de forma que se sinta preparada para facer uso das TIC e se manteña actualizada ao mesmo ritmo que se van producindo os avances tecnolóxicos.

Pero a presente liña de actuación non só persegue aumentar significativamente a porcentaxe de cidadáns e cidadás galegas que coñecen e usan as TIC de modo que sintan que estas son parte necesaria e útil da súa vida cotiá, senón que fixa tres obxectivos estratéxicos que perseguen metas máis amplas:

- **Cohesionar territorial e socialmente Galicia mediante a eliminación da fenda dixital** e o impulso dos **nativos dixitais**.
- Incrementar a **empleabilidade grazas ao desenvolvemento das capacidades tecnolóxicas** que derivan do uso das TIC.
- Mellorar a **calidade de vida dos cidadáns e cidadás e garantir a súa autonomía persoal** universalizando a cultura dixital na nosa comunidade.

Para acadar estes obxectivos, a nova **Axenda Dixital de Galicia** debe afrontar un **cambio no enfoque estratéxico** existente ata o momento: **2014.gal** debe liderar o tránsito dende unha sociedade que simplemente emprega as TIC a unha sociedade que xera crecemento sustentable e contribúa á calidade de vida sobre a base das novas tecnoloxías.

Debe apostar por pasar dun enfoque local: “illas de alfabetización dixital” a **un enfoque global e integrado: “a alfabetización dixital é cousa de todos”**. Ata o de agora non existiu unha coordinación clara entre todos

axentes implicados na alfabetización o que derivou na infrautilización dos recursos dispoñibles. Sen embargo, a recente creación da **Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT)** está a paliar esta situación. A nova rede converteuse nun dos principais instrumentos para promover a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da sociedade da información. Durante o 2009, formáronse a través da rede máis **13.000 galegos**.

Ademais, como se sinalou anteriormente, a sociedade actual está sometida a cambios e desafíos provocados polos desenvolvementos tecnolóxicos, ás relacións interculturais, á globalización económica e ao proceso de envellecemento da poboación. E a **aprendizaxe ao longo da vida** (“Lifelong Learning”) é a mellor forma de que as persoas poidan asumir os retos do cambio.

Do mesmo xeito, a aprendizaxe no ámbito tecnolóxico debe concibirse coma un **proceso permanente** a través do cal se adquiren e actualizan todo tipo de habilidades, coñecementos e competencias ao longo da vida, dende os primeiros anos ata despois da xubilación, xa que nunha sociedade tan cambiante e sometida a constantes oleadas tecnolóxicas, non é posible pensar que o aprendido na xuventude serva para sempre.

Polo tanto, no ámbito da cidadanía dixital é preciso evolucionar dende un enfoque tradicional “as TIC polas TIC”: o obxectivo é introducir as TIC, ao enfoque centrado no cidadán: **“Quero estar máis capacitado para afrontar todos os retos da vida, e as TIC axúdanme a estalo”**.


As apostas de futuro descansan na capacidade das persoas. A través desta liña, as novas tecnoloxías convértese nunha potente ferramenta para o desenvolvemento individual, laboral e social das persoas. Por iso é necesario articular unha estratexia de aprendizaxe ao longo da vida esixida e facilitada pola evolución das TIC, que constará cando menos, das seguintes actuacións:

- **Sensibilizar:** promover accións de comunicación á cidadanía (xornadas, talleres, charlas,...), co obxectivo de informar sobre a existencia de servizos dixitais e dar a coñecer os beneficios que conleva a súa utilización a nivel persoal, profesional e social.
- **Formar:** facer posible a inclusión dixital de toda a poboación a través de accións formativas xa que a carencia de competencias é a causa da exclusión dixital en moitos colectivos de persoas.
- **Incentivar:** fomentar o uso dos servizos dixitais entre a cidadanía mediante axudas económicas e oportunidades de financiamento.
- **Recompensar:** recoñecer os coñecementos dixitais dos cidadáns e cidadás, mediante un sistema de acreditación de competencias recoñecido e aceptado polo sector público e polo sector empresarial, como panca da empregabilidade.
- **Participar:** lograr que a cidadanía non só coñeza, saiba utilizar e utilice os servizos dixitais, senón que participe activamente na elaboración de contidos e na definición de servizos. Orientación cara ao cidadán “prosumer”.

Pero ademais, debemos ter presente que para medrar de xeito efectivo no uso da Sociedade da Información é necesario facer unha aposta decidida por definir estratexias no sistema educativo que permitan crear “nativos dixitais” e fagan menos necesarias as políticas de alfabetización dixital. Outro dos aspectos que contempla a presente liña de actuación reside na posta en valor da **riqueza cultural de Galicia** mediante accións-encamiñadas a preservar a nosa identidade e dar a coñecer os aspectos específicos ou diferenciais que caracterizan á cultura galega difundindo dentro e fóra das nosas fronteiras, contidos que permitan **descubrir Galicia, os seus**. Para logralo, Galicia ten que existir nas redes dixitais.

A nosa visión é a de unha Galicia que, mantendo a súa identidade, proxéctase ao mundo, e potencia o gusto polos valores propios como a cultura, a creatividade e o coñecemento .

Quérese apostar por un **país “prosumer”** cuxa cidadanía, empresas e institucións sexan capaces de manter unha **presenza rica, dinámica e continua en Internet** e nos dixitais, que **permitan preservar e divulgar** a



L3-P2: PROGRAMA DIXITAL NAS UNIVERSIDADES GALEGAS
Plan estratéxico TIC das universidades galegas
L3-P3: PROGRAMA DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS
100% do funcionariado público con competencias dixitais en 2014 Competencias dixitais do cidadán
L3-P4: GALICIA PROSUMER: EN BUSCA DA IDENTIDADE CULTURAL NA REDE
Mediateca Dixital de Galicia Creación de escenarios de participación para a cidadanía
L3-P5: A NOVA REDE CEMIT: 2020 PARA O FIN DA FENDA DIXITAL
Iniciativa rexional de difusión das novas tecnoloxías Iniciativa rexional de alfabetización e inclusión dixital Iniciativa do voluntariado dixital O banco do tempo dixital Proxectos colaborativos singulares Entorno colaborativo e para a formación en redes

9 Transforma TIC

O sector da economía do coñecemento² converteuse nos últimos anos nunha peza clave para o desenvolvemento económico de Galicia polo seu potencial para crear emprego e a súa capacidade innovadora.

Segundo o diagnóstico previo á elaboración da Axenda Dixital, o sector da economía do coñecemento galego empregou a máis de **19.000 persoas** durante o 2009 e xerou unha cifra de negocio de máis de **2.500 M€**.

O propio Plan Estratéxico 2010-2014 fai un recoñecemento da súa importancia para contribuír á dinamización e aumentar a competitividade da economía galega. Unha **economía baseada no coñecemento** para atopar o camiño da recuperación sostible dentro do actual marco de austeridade e contención do gasto.

Nesta contorna, **2014.gal Axenda Dixital de Galicia**, o instrumento que establece o xeito no que as políticas tecnolóxicas respaldan e reforzan transversalmente os distintos eixes de actuación do Plan Estratéxico, definiu unha **liña de impulso ao sector da economía do coñecemento** co obxectivo de convertelo nun sector que sexa capaz de dar soporte á competitividade de Galicia e que se consolide coma un sector cun peso significativo na economía galega.

A través desta liña estratéxica, 2014.gal, persegue a consecución dos seguintes obxectivos:

- Consolidar **un hipersector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado**, capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento. Un sector que se converta en sector estratéxico para a economía de Galicia.
- Construír un hipersector TIC cohesionado e integrador, que actúe non só como **sector estratéxico**, senón tamén como **motor do resto de sectores estratéxicos** de Galicia.
- Converter o hipersector TIC, nun sector forte en busca da **excelencia tecnolóxica**, que estimule a creación dunha **clase emprendedora e creativa**.

A consecución destes obxectivos estratéxicos esixe a execución de políticas encamiñadas a favorecer un mellor posicionamento do sector da economía do coñecemento existente en Galicia.

Para acadar esa mellora competitiva, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia aposta **pola capacitación e a especialización de capital humano**. As expectativas de crecemento do sector rexional, xunto coa incursión das empresas galegas do sector en mercados emerxentes, fan prever a necesidade de crear novos empregos de alta cualificación. As previsións apuntan a que para 2014 se crearán **12.000 novos empregos**, o que supón pasar do 1,6% ao 2,5% da poboación ocupada galega.

Para dar resposta a estas realidades, desenvolveranse medidas encamiñadas a incrementar a capacitación do capital humano, xunto con políticas de persoal capaces de **atraer persoal cualificado ao sector** e fomentar a **retención de coñecemento nas empresas**.

Ademais, fronte ao **cambio de modelo produtivo** que estamos a afrontar na actualidade e o **pulo dunha nova economía do coñecemento**, cómpre impulsar de xeito decidido a **creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica**. É necesario facer fronte á falta de cultura emprendedora e ao medo ao fracaso tan presente na nosa comunidade e concentrar a oferta de apoio ao emprendedor, que se atopa

² Inclúe empresas do sector TIC e audiovisual e resto de axentes do sistema como Centros Tecnolóxicos, Universidades, asociacións, cluster, etc. Usarase indistintamente hipersector TIC para facer referencia a todos estes axentes.

dispersa. Queremos que Galicia sexa unha **terra de emprendedores**, na que as novas empresas tecnolóxicas poidan nacer, crecer e consolidarse para competir nun mercado mundial.

Na mesma liña, tamén é necesario facer de Galicia unha **fonte de coñecemento tecnolóxico “dende as Universidade e para os sectores estratéxicos da rexión”**, articulando os mecanismos necesarios para **incrementar os niveis de transferencia de coñecementos tecnolóxicos** ás empresas e a capacidade de transformación en produtos ou servizos innovadores.

Outro dos grandes retos do sector está ligado á **especialización das empresas en segmentos altamente innovadores e co desenvolvemento dos mercados nos que actúan**. Para lograr estes obxectivos Galicia debe apostar por definir un marco de cooperación dentro do sector, entre as empresas tractoras e as empresas altamente especializadas: **cooperar para competir**.

No seu camiño por fortalecer o sector TIC galego, 2014.gal tamén debe apostar por **consolidar estruturas eficientes de apoio á innovación e refinar os servizos de apoio e de financiamento existentes**, orientando os sistemas de axudas a mellorar a competitividade das empresas do sector. É preciso unha nova política de fomento da innovación TIC desde a Xunta de Galicia co obxectivo de facer da innovación a premisa de actuación do hipersector TIC.

Neste mesmo ámbito, a Administración galega pretende promover un **Sistema de Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora (CPTi)** como vía para colocar á administración na vangarda tecnolóxica á vez que impulsar a innovación dentro do sector TIC con novos produtos e servizos que poidan ser exportados fóra do territorio e por tanto contribúan á súa internacionalización.

Tamén, a Axenda Dixital de **Galicia impulsará o aliñamento da oferta do sector TIC coa demanda do tecido empresarial galego**. Para elo será preciso desenvolver accións de adecuación encamiñadas a lograr por parte do sector TIC, unha oferta ampla e cualificada de servizos profesionais, produtos e servizos avanzados axeitados ás necesidades reais dos sectores estratéxicos de Galicia. Este **vínculo continuo entre a oferta TIC e as necesidades reais e futuras dos sectores estratéxicos** crearase sobre a base de plans de demanda tecnolóxico industrial destes sectores.

En definitiva, é preciso o **aliñamento de todos os axentes do ecosistema TIC**: capital humano con altas capacidades tecnolóxicas en liña coas necesidades empresariais, a investigación orientada tamén ás necesidades de tecnoloxías futuras e presentes para o mercado, a administración como incentivador destas tecnoloxías e proxectos que as utilicen, e o sector tecnolóxico como o catalizador de todas estas tecnoloxías para exercer de tractor para o resto de sectores estratéxicos da economía galega.




Figura 10: Enfoque a aliñamento Oferta-Demanda TIC

Deste xeito o sector TIC, non só se converterá nun **sector estratéxico** en si mesmo senón que tamén actuará como **motor dos sectores estratéxicos de Galicia** impulsando así un novo modelo produtivo baseado na economía do coñecemento.

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L4-P1: FACTORÍA DE EMPRENDEDORES TIC
Fomento da cultura emprendedora e a creatividade tecnolóxica Factoría emprendedores TIC: apoio integral ao emprendedor Comunidade de inversores para o emprendemento TIC Avaliación do impacto das políticas públicas de apoio ao emprendemento TIC
L4-P2: SISTEMA PÚBLICO DE COMPRA DE TECNOLOXÍA INNOVADORA
Sistema público de compra de tecnoloxía innovadora
L4-P3: ESTRUTURAS E SERVIZOS DE APOIO Á INNOVACIÓN DO SECTOR TIC
Impulsar a consolidación de solo e espazos para o desenvolvemento do sector TIC. As cidades como laboratorios tecnolóxicos: apoiando a creación de "living labs" Consolidando os centros tecnolóxicos punteiros en Galicia como referentes a nivel nacional e internacional Os Parques Tecnolóxicos como espazos de referencia para a instalación de empresas intensivas en coñecemento. Consolidar as Plataformas Tecnolóxicas (Vindeira e I+Dea) e impulsar a colaboración co resto de plataformas para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos e innovadores Consolidación dos servizos de apoio á innovación tecnolóxica

L4-P4: SERVIZOS DE FINANCIAMENTO
Impulso económico ao sector empresarial da Sociedade da Información
L4-P5: CAPITAL HUMANO ALTAMENTE CAPACITADO
Especialización e aliñamento coas necesidades TIC dos sectores estratéxicos para Galicia Profesionais altamente capacitados nas tecnoloxías emerxentes e estratéxicas para Galicia
L4-P6: SECTOR TIC INTEGRADO E INTERNACIONAL
Imaxe de marca e internacionalización do Sector TIC

10 EconomiC-IT

Na actualidade, atopámonos ante unha nova orde económica global caracterizada pola aparición de mercados emerxentes e de novas rexións competidoras, polo que

Galicia debe apostar por converterse nunha **rexión aberta ao mundo**, capaz de facer fronte á globalización dos mercados, á velocidade dos cambios nas relacións comerciais e de produción, e en definitiva, a un novo escenario que está a provocar a transformación económica de todos os sectores produtivos.

Galicia debe ser quen de construír unha **economía intelixente, sustentable e integradora “impulsando a competitividade e mellorando a produtividade** do seu tecido empresarial, eliminando as **debilidades estruturais** existentes, incentivando a **innovación e a calidade**, apoiando a **creación de novas empresas** e xerando unha **alto nivel de emprego**”.

Ante este cambio profundo que estamos a atravesar, as TIC preséntanse como a grande oportunidade das empresas galegas, sen exclusión por tamaño ou sector para facer fronte a eses retos.

Ademais, as novas tecnoloxías convértense nunha ferramenta de **dobre empuxe**: por un lado melloran a eficiencia das empresas, e por outro, actúan como mecanismo para facilitar a innovación: **“facer diferentes ás empresas”**. Innovar é converter ideas en **valor**. As TIC son esenciais para observar o mundo, operar con eficacia en toda a cadea de valor, e transformar as organizacións, **aproveitando as novas** oportunidades dos mercados emerxentes, xa que logo, como **panca da innovación**.

Sen embargo, como se desprende do diagnóstico previo, a realidade de Galicia reflicte que mentres **o nivel de dotación e uso das TIC nas empresas grandes e medianas é satisfactorio, nas MICROPEMEs - que conforman a maior parte do tecido empresarial de Galicia - está lonxe de converxer coa media europea e do Estado**. Neste sentido, tamén persiste unha profunda **fenda entre as PEMEs e as MICROPEMEs**, principalmente no que respecta aos seus niveis de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede, que seguen amosando un aparente **desinterese pola oferta tecnolóxica**, xa sexa por desconfianza, descoñecemento ou polo baixo risco percibido de non incorporar este tipo de solucións.

En calquera caso, Galicia debe apostar por superar a etapa da “incertidume” sobre os resultados e a **efectividade das TIC, e abrirse camiño cara unha fase na que se deben ir consolidando produtos e servizos tecnolóxicos mellor orientados ás necesidades reais das empresas galegas, que deben ser capaces de empregar** as TIC para ser máis eficientes, aumentar a súa **produtividade e innovar**.

Nesta contorna, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, definiu unha liña estratéxica “Empresa Innovadora e Economía Dixital” co obxectivo de **promover a Sociedade da Información** no tecido empresarial galego a través dun conxunto amplo de actuacións que cobren a práctica totalidade das necesidades das empresas nas distintas fases de adopción das TIC.

Coa posta en marcha desta liña, as empresas galegas independentemente do seu tamaño e sector, promoverase a utilización intensiva e extensiva das TIC para crear **redes de colaboración** que lles permitan competir con éxito en calquera sector ou mercado e para innovar tanto no desenvolvemento de produtos e servizos que satisfagan plenamente aos seus clientes, como na súa propia operativa e modelo de negocio, de maneira que podan transformarse optimizando en cada momento as súas capacidades competitivas.

Máis concretamente, os obxectivos estratéxicos que persegue a Axenda Dixital de Galicia a través da definición desta liña son os que se detallan a continuación:

- Contribuír á creación de **emprego** e ao **crecemento económico sostible** de Galicia creando un **novo modelo produtivo**.

- **Facer máis competitivos os sectores estratéxicos de Galicia** mediante a incorporación das TIC aos seus modelos de negocio (automoción, construción naval, enerxía, pedra e rocas ornamentais, téxtil, madeira, turismo).
- Facilitar a **incorporación das microPEMEs e autónomos á Sociedade da Información**, reducindo a **fenda dixital** para converxer con España e Europa.

Pero para acadar estes obxectivos formulados é preciso un **cambio de enfoque**, xa que ata o de agora os esforzos centráronse en introducir e colocar as TIC na empresa, “as TIC polas TIC na empresa”, obviando a súa capacidade para facer da **incorporación das TICs unha vantaxe competitiva: “as TIC como investimento e non como gasto”**.

Deste xeito, é preciso avanzar cara un **novo enfoque centrado nas empresas, nos seus obxectivos e nas súas necesidades concretas**. Un enfoque que permita coñecer cales son as pancas e as barreiras que fan que as empresas adopten ou rexeiten as TIC dende unha dobre perspectiva: o **entorno económico e competitivo**, é dicir, a presión do sector, dos competidores ou doutros axentes do mercado para adoptar solucións tecnolóxicas, e dende o punto de vista das **capacidade internas** ou o que é mesmo, o nivel de sensibilización e de formación sobre as novas tecnoloxías, o nivel de dixitalización dos procesos, o nivel de equipamento, a experiencia, os medios económicos, etc.

Este **enfoque global e coordinado**, ten que ser quen de integrar a oferta en TIC coas necesidades das empresas dos diferentes sectores estratéxicos de Galicia para “lograr que as fagan súas” mediante o coñecemento do uso das TIC (para que se empregan nas empresas) e o seu modo de utilización (como se empregan).

Neste contexto o sector TIC preséntase como o **catalizador do resto de sectores estratéxicos de Galicia**, impulsando a súa competitividade grazas ás oportunidades e vantaxes que derivan da incorporación das novas tecnoloxías aos seus modelos de negocio.

O proceso de introdución das TIC nos distintos sectores produtivos debe pasar primeiramente por unha etapa de planificación a través do denominado **Plan de demanda anticipada tecnolóxico-industrial**. Este plan permite garantir unha incorporación efectiva das novas tecnoloxías ao estar aliñada coas características e necesidades específicas de cada sector.

Ademais débese apostar por unha segmentación **das necesidades TIC das empresas galegas, que permita** deseñar actuacións máis e mellor focalizadas, e cun maior impacto, “**maior eficacia e maior satisfacción**”. Ademais a segmentación estará baseada na identificación de grupos con características homoxéneas en canto ao seu comportamento en relación ás TIC, xa que tanto as clasificacións tradicionais, como as sectoriais, non son determinantes para explicar o proceso de absorción das novas tecnoloxías.

De acordo co enfoque formulado, o novo modelo de incorporación das TIC ás empresas dos sectores estratéxicos de Galicia debe entenderse coma un **proceso constante** que debe comezar por **achegar as novas tecnoloxías aos empresarios** mediante medidas sensibilizadoras para difundir o seu coñecemento e xerar confianza. Neste proceso tamén xogará un papel moi importante o **asesoramento e o acompañamento**, e polo tanto a figura dos **titores tecnolóxicos asociados á rede CeMIT**, que axudarán a coñecer a situación das empresas identificando cales son as súas necesidades concretas, facilitarán o desenvolvemento das capacidades tecnolóxicas e impulsarán a implantación de procesos e produtos innovadores e axeitados aos seus mercados.




Figura 11: Enfoque apoio na incorporación das TIC ao sector empresarial

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L5-P1: DEMANDA ANTICIPADA TECNOLÓXICO-INDUSTRIAL PARA OS SECTORES ESTRATÉXICOS PARA GALICIA
Plan de demanda anticipada tecnolóxico-industrial para os sectores estratéxicos para Galicia
L5- P2: CNTG. CENTRO PÚBLICO DEMOSTRADOR TIC
Iniciativa Rexional de Difusión e Concienciación TIC Roadmap Dixital Sectorial Mapa de implantadores e solucións tecnolóxicas Sistema de "testing" das solucións TIC Rede de titores tecnolóxicos Certificado Empresa Dixital

11 Infra TeleCom

A Sociedade da Información baseada na democratización do acceso á información e ao coñecemento, constitúe cada vez un motor de crecemento e de xeración de riqueza. As sociedades e rexións máis avanzadas nun futuro inmediato van desenvolverse en torno á nova Sociedade da Información e do Coñecemento. Neste escenario, **o desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións convértese nun pilar fundamental que posibilita o desenvolvemento da Sociedade da Información.**

Neste senso, a nova Axenda Dixital de Galicia considera como unha liña estratéxica o establecemento dunha "**Política de Telecomunicacións**" que dea resposta a un dobre obxectivo:

- **Garantir a integración de Galicia na Sociedade da Información**, como un dos motores principais do desenvolvemento en Galicia, situándoa entre as rexións de referencia no desenvolvemento de novas tecnoloxías e infraestruturas de telecomunicacións.
- **Mellorar os servizos** ofrecidos á cidadanía a través da **modernización dos servizos e infraestruturas de telecomunicacións corporativas** soporte dos sistemas e procesos da Xunta de Galicia.

O **primeiro obxectivo** acádase a través da execución das accións definidas no **Plan Director de Banda Larga** que garantan a cidadáns/cidadás e empresas de todo o territorio o acceso a servizos de banda larga de calidade (mínimo 2Mbps/512Kps) a uns custos axeitados.

O operador público **Retegal constitúe un actor relevante no despregue de infraestruturas** de telecomunicación en Galicia. Esta significación ven determinada polo seu carácter de facilitador, xa que aproveitando e potenciando as súas infraestruturas facilitarase o despregue doutros operadores, que apoiándose nas infraestruturas de Retegal poderán prestar servizo naquelas áreas xeográficas onde o seu despregue non sería rendible.

Este papel principal no despregue de infraestruturas implica, por parte de **Retegal**, un grande cambio, e obriga a evolucionar o seu modelo de negocio como difusor dos sinais de radio e televisión a un novo modelo como provedor de servizos de telecomunicacións.

Neste novo modelo, **Retegal actúa como operador neutro** que proporciona servizos de conectividade aos operadores privados, complementando as súas redes en zonas rurais e escasamente poboadas onde a rendibilidade dos investimentos fai difícil o seu despregue.

Adicionalmente, co fin de facilitar o despregue de infraestruturas de telecomunicacións, 2014.gal contempla promover a localización en Galicia da Axencia Estatal de Radiocomunicacións e impulsar medidas que faciliten a implantación de operadoras con interese en investir no despregue de infraestruturas en Galicia.

O segundo obxectivo desta liña, a mellora de servizos ofrecidos á cidadanía mediante a **modernización das redes** da Xunta, instruméntase fundamentalmente a través da integración baixo unha Dirección Única das redes e servizos de telecomunicacións da Xunta. Esta **Dirección Única** posibilitará implantar unha **Política de Telecomunicacións Corporativa** que dea resposta de xeito global, coordinada e eficiente ás necesidades dos distintos organismos da Xunta. Esta política contempla a mellora das infraestruturas das redes corporativas soporte dos sistemas e procesos da Xunta, dotándoa dunhas maiores capacidades, dispoñibilidade e seguridade.

Neste sentido, a Rede de Investigación de Galicia (**RECETGA**) é unha infraestrutura de comunicacións de alta capacidade que proporciona acceso a Internet e interconecta á comunidade científica galega. Esta rede está conectada coas redes académicas e de investigación nacionais a través de RedIRIS, e coa rede de Ciencia e Tecnoloxía Europea (GEANT). A nova Axenda Dixital de Galicia contempla evolucionar a **Rede de Investigación de Galicia** dende un modelo de rede baseado en aluguer de circuitos a **un novo modelo**

baseado na adquisición de fibra, que dea resposta ás necesidades de capacidade e flexibilidade demandadas por universidades e centros de investigación.

Adicionalmente, esta liña contempla constituír un **Servizo Integral de comunicacións de Emerxencias de Galicia** que posibila dispoñer dos medios axeitados para a resolución de situacións de emerxencias ou catástrofes, e evite os riscos de obsolescencia tecnolóxica e falta de mantemento das redes analóxicas actuais que prestan servizo a unidades como a D.X. de Montes e o '061'.

Neste contexto, é necesario impulsar o desenvolvemento do **Fogar Dixital**, facilitando a adaptación das vivendas á nova normativa sobre Infraestruturas Comunes de Telecomunicacións (ICT) e favorecendo a incorporación de infraestruturas asociadas a o fogar Dixital. Dado o carácter multidisciplinar asociado ao Fogar Dixital, o Plan contempla como un aspecto clave involucrar aos distintos axentes implicados (promotoras, arquitectos, enxeñeiros, operadores, integradores, fabricantes, etc.) nas iniciativas establecidas para asegurar o seu axeitado desenvolvemento..

A seguinte figura ilustra graficamente as distintas actuacións encamiñadas a alcanzar os obxectivos indicados.



Figura 12: Actuacións contempladas na liña estratéxica “Política de Comunicacións”

Dada a interrelación entre todas as iniciativas, é necesario considerar como un **aspecto clave** para o seu axeitado desenvolvemento, a **necesidade de coordinación e cooperación de todos os axentes implicados que asegure un despregue das infraestruturas baseado na eficiencia e a cooperación**, derivados dunha visión global das infraestruturas e da coordinación de todos os axentes implicados.

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L6-P1: PLAN DIRECTOR DE BANDA LARGA (PDBL)
Desenvolvemento de infraestruturas. Medidas facilitadoras do despregamento Fomento e incentivación da demanda
L6-P2: POTENCIAR RETEGAL COMO OPERADOR DE VANGARDA
Adecuación organizativa ao novo modelo Retegal como provedor preferente de servizos de telecomunicacións da Xunta
L6-P3: MODERNIZACIÓN DAS REDES DA XUNTA
Optimización da xestión e contratación das redes da Xunta Impulso das infraestruturas soporte da Rede Corporativa Mellora dos servizos ofrecidos a usuarios
L6-P4: EVOLUCIÓN DA REDE DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA
L6-P5: CONSTITUCIÓN DUN SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DE EMERXENCIA DE GALICIA
Definición do modelo de xestión Despregamento do servizo
L6-P6: INFRAESTRUTURAS PARA O FOGAR DIXITAL
Definición do Fogar Dixital Básico e Avanzado Medidas facilitadoras para a súa incorporación en novas edificacións Difusión e formación en Fogar Dixital a cidadáns e profesionais

12 Medidas instrumentais e de cooperación

Novo modelo de xestión das políticas tecnolóxicas

Durante os últimos anos e de forma progresiva, as TIC convertéronse nun recurso estratéxico para os Gobernos e Administracións Públicas, debido fundamentalmente á amplitude de vantaxes dos seus usos potenciais e á crecente penetración en todos os ámbitos económicos, administrativos e de relacións sociais, obrigando aos diferentes gobernos e organismos públicos a tomar conciencia desta situación e actuar en consecuencia.

A conxuntura económica actual, con elevadas taxas de déficit e débeda pública, require a posta en marcha de políticas de austeridade e de crecemento económico, polo que parece conveniente abordar un proceso de reflexión estratéxica para desenvolver estas políticas de maneira que aproveiten todo o potencial que ofrecen as TIC.

Ante estes retos, o goberno da Xunta de Galicia considera con pleno convencemento, que **as políticas de impulso das novas tecnoloxías e de desenvolvemento da sociedade da información, deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas** no ámbito galego.

A Xunta de Galicia encóntrase inmersa nun proceso de modernización dos servizos públicos co obxecto de:

- Mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos públicos fomentando o uso das Tecnoloxías da Información, con clara orientación sobre todo á cidadanía, ás empresas, emprendedores e aos traballadores públicos,
- Buscar a optimización e eficiencia no gasto e nos investimentos en Tecnoloxías da Información mediante o establecemento de directrices corporativas que busquen aforro de custos e a racionalización do gasto,
- Impulsar as políticas dirixidas a incrementar a competitividade da economía, incluíndo o fomento do uso das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC),
- Fomentar a simplificación das estruturas organizativas, a simplificación dos procedementos administrativos (reducindo o tempo de resposta e mellorando a eficacia da atención ás demandas da cidadanía),
- Homoxeneizar as actuacións en materia TIC e aliñalas coa misión de cada un dos organismos implicados, garantindo a seguridade e a interoperabilidade,
- Garantir o avance de Galicia no marco das políticas de Sociedade da Información.

O modelo actual de prestación de servizos informáticos e de comunicacións na Xunta de Galicia signifícase por representar un estrito seguimento de mecanismos, procedementos e prazos moi dilatados, tanto para a adquisición de bens e servizos (Lei de Contratos do Sector Público) como para a contratación de persoal (Convocatoria pública de emprego, procesos de consolidación de postos, etc.), mecanismos que veñen establecidos pola necesaria aplicación en todos os seus termos e requisitos da normativa que afecta aos organismos públicos, sexa cal sexa a súa actividade.

Na presente lexislatura, **a aparición da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (SXMIT) constituíu un punto de inflexión na orientación das políticas TIC da Xunta**, no sentido de que supoñía a constatación de que estas determinan un instrumento de alto nivel estratéxico polo seu potencial para impulsar a modernización da administración pública, así como a súa capacidade para impulsar e sustentar o desenvolvemento social e económico de Galicia.

A SXMIT integrou unha grande cantidade de competencias co obxecto de que se facilite o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica eficaz da Xunta de Galicia e postúlase como o embrión **dun novo Modelo de Xestión das políticas tecnolóxicas para a Administración Autonómica** de tal maneira que se garanta:

- O aliñamento no desenvolvemento das TIC coas directrices políticas da Xunta;
- A racionalización de custos;
- A mellora da eficiencia e a eficacia da administración territorial e das actuacións que se establezan;
- Que as TIC consigan transformar os servizos públicos de maneira que se convertan en elemento de dinamización económica e permitan aumentar a competitividade e a innovación en todos os sectores produtivos.

Nesta liña, tal e como se comentou, establécese a necesidade de **constituír unha nova entidade de xestión das TIC de carácter público e adscrita a todos os niveis á Xunta de Galicia que aglutine as competencias que son responsabilidade da SXMIT e que concentre os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados aos actuais departamentos TIC dispersos nas Consellerías da Xunta.**




Figura 13: Modelo goberno TI

O investimento en TIC é esencial para promover a calidade, equidade e sustentabilidade dos servizos públicos de maneira que o novo modelo basearse na centralización das competencias sobre os servizos tecnolóxicos nunha única organización de carácter público, cun progresivo avance cara á prestación de servizos e actividades que supoñan un maior valor engadido e un maior coñecemento do modelo funcional das distintas Consellerías da Xunta de Galicia ás que se prestará servizo.

Cabe incidir que o modelo de relación cos departamentos da Xunta de Galicia da nova entidade busca establecer un esquema de especialización na xeración de respostas ás necesidades tecnolóxicas que se demanden por parte das áreas funcionais.

Con todo, determinarase o marco xurídico operativo que permitirá a aplicación de normas máis comúns do dereito privado, sen perder o carácter de organización pública da Administración da Xunta e que lle

permitirá dotarse dun modelo de xestión TIC corporativa óptimo, baixo as premisas da eficiencia, responsabilidade e flexibilidade.

Estas actuacións son de común utilización nas Administracións Públicas de maneira que lles permitan ser moito máis áxiles nas súas esixencias burocráticas e de prazos, mantendo de xeito irrenunciable os principios de publicidade, igualdade de oportunidades, mérito e capacidade que son inherentes a estas, liberándoas dalgúns trámites que se impoñen pola plena suxeición ao dereito administrativo.

A necesidade de que se adopte, para unha mellora dos servizos que se prestan ao cidadán/cidadá, unha forma xurídica e organizativa xeral máis áxil, que lle dote dun maior nivel de autonomía e de flexibilidade na xestión, fixo que a fórmula xurídica máis axeitada para a nova entidade se decidise que fose a de "Axencia Pública".

Con todo, e tal e como se enuncia no Anteproxecto de Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia na súa disposición adicional cuarta, **determinábase a creación da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica de Galicia.**

Este modelo permitirá xestionar as iniciativas e actuacións que sobre tecnoloxías da información se desenvolvan na Xunta de Galicia, así como proporcionar un novo modelo de xestión das TIC para a Administración Autonómica, co obxecto de xestionar de xeito máis eficaz e eficiente os recursos globais e orientarse cara a políticas de optimización e redución do gasto.

Alianzas e cooperación institucional

Así mesmo, e para buscar o máximo aliñamento e coordinación, e por tanto sinerxías e aforro de custes, desenvolveranse as necesarias actuacións de coordinación e liderado integrador no marco das actuais vías de cooperación no eido tecnolóxico con concellos e deputacións, traballando así por consolidar unha Axenda Dixital Única para Galicia.

Impulsaranse as Axendas Dixitais Locais e institucionais fomentando así a necesidade de que institucións e grandes axentes teñan a súa estratexia dixital, abordando así unha verdadeira conversión integral en materia tecnolóxica e de incorporación á Sociedade da Información.

Comunicación e difusión

Do mesmo xeito, unha das estratexias clave debe ser, sen dúbida, a difusión e promoción da Sociedade da Información, e con iso, da mesma Axenda Dixital.

Por tanto, resulta adecuado trasladar á sociedade galega, de maneira ordenada, os avances e esforzos que se van a realizar para transformar Galicia nunha cidade dixital, mediante o desenvolvemento de iniciativas que divulguen e comuniquen as actuacións que leven a cabo para este fin.

Traballarase tamén na incorporación de Galicia aos Foros imprescindibles da Sociedade da Información e a Innovación Tecnolóxica a nivel nacional e europeo e na incorporación ás redes de Sociedade da Información.

Por tanto é tamén obxectivo desta liña contribuír á implantación das actuacións da Axenda Dixital, utilizando a comunicación e difusión como vehículo impulsor, apoiando e acompañando a correcta toma de decisións e favorecendo un fluxo constante de información que reforce as actitudes de aceptación da Axenda. Ademais, pretende realizar accións de sensibilización para xerar unha actitude positiva cara ás TIC por parte da cidadanía, e dar a coñecer aos diversos axentes implicados e a toda a sociedade os logros e resultados de 2014.gal.

Avaliación e análise continuado de resultados

Finalmente, cabe sinalar que a Axenda Dixital será obxecto dunha avaliación intermedia e final continuada tanto na súa xestión, como nos seus resultados. Ditas avaliacións permitirán a toma de decisións axeitadas para asegurar o cumprimento dos obxectivos e compromisos establecidos.

Estes compromisos, acompañados dun conxunto de indicadores con datos obxectivo por programas, así como o escenario financeiro previsto, integrarán o cadro de mando estratéxico do modelo de xestión do plan, sobre o que se realizará a análise e valoración.

Neste sentido, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) será o órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, e por tanto, o encargado de apoiar na medición e análise dos resultados intermedios e finais.

Estrutura dos programas

Os distintos programas que permitirán acadar os obxectivos que persigue a presente liña de actuación indícanse na táboa seguinte:

L7-P1: CONSTITUCIÓN E POSTA EN MARCHA DO NOVO ORGANO DE XESTIÓN TIC
L7-P2: COORDINACIÓN CON AXENDAS DIXITAIS LOCAIS E APOIO ÁS ALIANZAS ESTRATÉXICAS
L7-P3: PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN: GALICIA Innovadora e Tecnolóxica
L7-P4: OBSERVATORIO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA (OSIMGA)

13 Orzamentos

A execución da **Axenda Dixital de Galicia** conta cunha dotación orzamentaria de máis de **935 Millóns de euros de fondos públicos** ata o 2014, o que suporá a **o maior investimento de fondos públicos da historia de Galicia para o desenvolvemento da Sociedade da Información e da economía do coñecemento**.

No entanto, trátase dun plan de todos e para todos, no que se integrarán tamén os esforzos privados. Preténdese conseguir un **efecto multiplicador dos investimentos** públicos mediante unha importante achega económica por parte dos axentes privados.

O **investimento privado** inducido estímase na orde dos **700 millóns de euros**, fundamentalmente no despregamento de novas infraestrutura de telecomunicación, polo que finalmente o esforzo conxunto destinado ao desenvolvemento da Sociedade da Información roldará **os 1.600 millóns de euros**.

Actuación	Ano	Investimento
	2010	163.706.588 €
	2011	196.559.089 €
	2012	203.459.089 €
	2013	203.109.089 €
	2014	168.759.089 €
	TOTAL 2010-2014	935.592.944 €

Figura 14: Investimento na Axenda Dixital no período 2010-2014



XUNTA
DE GALICIA

2014.
gal AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA



25 de xuño de 2010

www.axendadixitaldegalicia.es



XACOBEO 2010
Galicia